

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

LATÍN

IES LAXEIRO



Curso 2020-21

| ÍNDICE | Pax. |
|--|------|
| Programación de Latín 4º ESO | 3 |
| 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | 4 |
| 2. CONTRIBUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES AO DESENVOLVIMENTO DAS COMPETÊNCIAS CLAVE | 5 |
| 3. OBXECTIVOS DA MATERIA | 7 |
| 4. DESENVOLVEMENTO DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, MÍNIMO PARA SUPERAR A MATÉRIA E CRITÉRIOS DE AVALIACIÓN | 10 |
| 5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | 18 |
| 6. CRITÉRIOS DE CUALIFICACIÓN. Grao mínimo de consecución de cada estándar | 19 |
| 7. METODOLOXÍA | 20 |
| 8. RECURSOS DIDÁCTICOS | 22 |
| 9. PROBAS EXTRAORDINÁRIAS DE SETEMBRO | 23 |
| 10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. | 24 |
| 11. AVALIACIÓN INICIAL | 25 |
| 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | 26 |
| 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS | 27 |
| 14. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES | 28 |
| 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA | 29 |
| Programación de Latín 1º BAC. | 30 |
| 2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | 31 |
| 2. CONTRIBUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES AO DESENVOLVIMENTO DAS COMPETÊNCIAS CLAVE | 32 |
| 3. OBXECTIVOS DA MATERIA | 34 |
| 4. DESENVOLVEMENTO DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, MÍNIMO PARA SUPERAR A MATÉRIA | 37 |
| 5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | 47 |
| 6. CRITÉRIOS DE CUALIFICACIÓN. Grao mínimo de consecución de cada estándar | 48 |
| 7. METODOLOXÍA | 49 |
| 8. RECURSOS DIDÁCTICOS | 51 |
| 9. PROBAS EXTRAORDINÁRIAS DE SETEMBRO | 52 |
| 10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. | 53 |
| 11. PROCEDEMENTO PARA ACREDITAR COÑECIMENTOS PRÉVIOS | 54 |
| 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | 55 |
| 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS | 56 |
| 14. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES | 57 |
| 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA | 58 |
| Programación de Latín 2º BAC. | 59 |
| 3. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | 60 |
| 2. CONTRIBUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES AO | 61 |

| | |
|--|-----------|
| DESENVOLVIMENTO DAS COMPETÊNCIAS CLAVE | |
| 3. OBXECTIVOS DA MATERIA | 63 |
| 4. DESENVOLVEMENTO DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, MÍNIMO PARA SUPERAR A MATÉRIA | 66 |
| 5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | 71 |
| 6. CRITÉRIOS DE CUALIFICACIÓN | 72 |
| 7. METODOLOXÍA | 73 |
| 8. RECURSOS DIDÁCTICOS | 75 |
| 9. PROBAS EXTRAORDINÁRIAS DE SETEMBRO | 76 |
| 10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. | 77 |
| 11. PROCEDEMENTO PARA ACREDITAR COÑECIMENTOS PRÉVIOS | 78 |
| 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | 79 |
| 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS | 80 |
| 14. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES | 81 |
| 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA | 82 |
| | |
| Plano lector e uso das TIC | 83 |
| Anexo I | |
| Apartado A | 84 |
| Apartado B | 89 |

4º ESO

LATÍN

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O Departamento é unipersoal, estará composto pola profesora María José Canal Bouzas, que ostentará a Xefatura de Departamento, e terá ao seu cargo a totalidade das materias encomendadas ao Departamento:

| | Curso | Materia | Grupos | Horas |
|--|---------|----------|--------|-------|
| | 4º ESO | Latin | 1 | 3 |
| | 1º BACH | Latin I | 1 | 4 |
| | 2º BACH | Latin II | 1 | 4 |

2. CONTRIBUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES AO DESENVOLVIMENTO DAS COMPETÊNCIAS CLAVE

Competencia en comunicación lingüística: A pesar de non ser unha lingua falada na actualidade, o latín está na base das linguas cooficiais en Galicia, así como na do catalán (outra lingua española) e na do portugués (irmá do galego) e o francés (habitualmente a 2ª lingua estranxeira cursada no noso Centro). Por iso, o coñecemento do léxico latino, do seu sistema morfosintáctico e dos mecanismos que marcaron a súa evolución cara o romance, contribúen de xeito decisivo á afirmación das habilidades lingüísticas que posúan e prepara-os para a adquisición doutras novas, cáseque que en calquera lingua que se propoñan.

Competencias sociais e cívicas: O coñecemento da sociedade e formas de goberno dos antigos romanos fornece-os dunha base moi axeitada para comprender os sistemas organizativos dos Estados actuais, en tanto que, coa lóxica evolución a través do tempo, continúan a sistematización administrativa que Roma produciu, sobre todo no que atinxe á Europa unida.

Competencia da conciencia e expresións culturais: O patrimonio arqueolóxico e o recoñecemento de todas aquelas conductas actuais que, dunha ou outra maneira, proceden da antiga Roma, contribuirán a que o alunado valore a perdurabilidade deses elementos da arte e a cultura romanas na nosa vida actual e as posibles razóns que motivaron esa persistencia a través do tempo.

Competencia dixital: Hox en día é inexcusable o emprego das fontes de información dixitais para adquirir unha formación sólida e continuada. De seguro, o alunado está en contacto desde moi novo con esta realidade, pero moitas veces non empregan con habilidade este recurso. Desde esta materia, como desde as do resto do currículo, contribuiremos a afirmar nos estudantes o modo eficaz de empregar a internet e as aplicacións informáticas máis comúns para que poidan tirar o maior partido delas, seleccionando e asimilando a información máis pertinente en cada momento.

Competencia de aprender a aprender: A toma de contacto cos alicerces das nosas linguas e do bloque cultural dominante na nosa vida facilitará ao alunado a relación cos coñecementos propios das outras áreas do currículo: a materia de Latín pode servir como

un pozo no que se poden recoller elementos de engarce para o que aprendan en materias lingüísticas, sociais (Historia, p. ex.), e mesmo científicas (pensemos na Táboa Periódica química, p. ex.). O mellor xeito de aprender a aprender é captar os puntos de contacto entre os diferentes campos do saber humano.

Competencia de autonomía e iniciativa persoal: Pretendemos que o alumnado tente resolver por si mesmo a tradución pero, cando a dificultade desta lle faga non poder resolvé-la, axudaremos-lle a facé-la, facendo-lle ver os erros que comete na análise ou nos significados que colleu para as palabras.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

De acordo coa lexislación vixente, incluímos os **obxectivos xerais para a etapa da ESO:**

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
 - ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a

diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Por outra banda, estes son os obxectivos específicos da materia de Latín :

1. Familiarizar ao alunado coa idea da reconstrucción lingüística, amosando como é posible e lícito remontar-se cara línguas descoñecidas e prehistóricas a través dos idiomas que temos documentados.
2. Afondar na idea, xa coñecida polo alunado, do latín coma orixe da maioría das línguas que se falan no occidente europeo, particularmente o galego, o castelán e os outros idiomas romances da Península Ibérica, e aclarar así o concepto do latín como "língua morta", relativizando os chamados "estados definitivos" das línguas actuais. Por outra banda, destacar-se a condición do latín como vehículo de difusión da língua e da cultura practicamente ata o século pasado.
3. Comprender os mecanismos que rexen a evolución fonética, para poder recoñecer con seguridade e regularidade as bases dun grande número de palabras romances actuais.
4. Familiarizar ao alunado cos espazos e edificios máis importantes da antiga Roma.
5. Consegur que o alunado sexa consciente de que o alfabeto latino non é o único sistema de escrita que existe, por máis que sexa o máis estendido e eles o consideren como o médio máis natural de transcribir unha mensaxe oral. De xeito máis secundario, iniciar ao alunado na distinción entre grafía e son: cumpre facer-lle ver que a língua escrita é subsidiaria da oral, aínda que se produzan múltiples interferencias. Finalmente, aprender os signos do alfabeto latino, e tamén a prosodia.
6. Expor e introducir ao alumnado no concepto funcional do que é un caso, coa súa dobre vertente, morfolóxica e sintáctica. De seguido, artellar a explicación do concepto de caso coa existencia das declinacións, como paradigmas nos que os nomes (substantivos e adxectivos) se agrupan para formar determinados conxuntos que funcionan de xeito idéntico máis a súa (aparente) diferenza formal. A partir de aí, diferenciar entre flexión nominal (sustantivos e adxectivos) e pronominal, aprendendo-as progresivamente ao longo do curso, de acordo coa temporalización que se indica máis abaixo.
7. Acadar unha comprensión, por comparación coas nosas línguas, da estrutura e funcionamento do verbo latino, acollendo-nos ao concepto de conxugación. Ao longo do curso irán-se debullando os diversos tempos, modos e voces, prestando especial atención ás semellanzas co galego e o castelán, que, sen dúbida, facilitarán a aprendizaxe. Contra o final do curso introducirán-se as formas nominais do verbo, de moita importancia nos textos que se traballarán na materia de Latín II (2º BAC).
8. Asimilar a estrutura da cláusula simple latina (cun só verbo), nas súas diversas formas, con especial atención ao feito da concordancia, básico na coherencia sintáctica, igual que sucede en galego e castelán.
9. Entender e saber interpretar as cláusulas complexas latinas (con máis dun verbo), examinando detidamente os seus tipos, que coinciden, no fundamental, co que acontece nas nosas línguas. Así, comezaremos pola coordinación e a subordinación, tal e como se entenden nas gramáticas tradicionais, e contrastaremos eses conceptos con outras visións (mais sen complicar demasiado a explicación).

10. Presentar a Historia de Roma, coa clásica triple subdivisión entre Monarquía, República e Imperio. Ao mesmo tempo, facer-lle comprender ao alumnado a subxectividade de todo relato histórico.
11. Achegar ao alumnado certas expresións do latín cotián, facendo-lle ver que o latín que estudiamos, a parte de ser unha lingua literaria, tamén foi unha lingua falada e, como tal, posuía expresións cotiás paralelas e, nalgún caso, moi semellantes, ás que usamos hoxe en día: veremos fórmulas de saúdo e despedida, formas de afirmar, negar e perguntar, diversos campos léxicos, e remataremos cunha escolma de *graffiti* pompeianos, insistindo na enorme importancia que teñen para podermo-nos chegar á realidade cotiá da lingua, do mesmo xeito que fan as pintadas actuais.
12. Acadar do alumnado a comprensión do concepto de *utilitas*, vertebrador de toda a literatura romana: só merece poñer-se por escrito (en *littera*) aquilo que se considera proveitoso conservar, sobre todo nun senso práctico, mellor que na busca do mero pracer estético. A partir deste concepto, presentarán-se exemplos destes xéneros literarios: Historiografía, Poesía Épica, Poesía Lírica e Comedia.
13. Espertar a conciencia do alumnado cara o mundo que o rodea mediante a presentación das formas de goberno e as clases sociais que Roma albergou e a súa comparación coas actuais; queremos que o alunado contraste a Antigüidade co momento presente e destaque que elementos conservamos e cales desbotamos, atribuíndo ademais valores positivos ou negativos.
14. Recapitular e establecer conclusións teóricas sobre o traballo de etimoloxía que se fará ao longo do curso sobre o vocabulario que se verá a propósito do traballo de tradución de secuencias.

4. DESENVOLVEMENTO DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, MÍNIMO PARA SUPERAR A MATÉRIA E CRITÉRIOS DE AVALIACIÓN

| Obxectivo | Contidos | Cráterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo consec. | Tempor. |
|---|--|---|---|---|---------------------|----------|
| | Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances | | | | | 1º Trim. |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ ñ ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Marco xeográfico da lingua. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CD ▪ CSC | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ ñ ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e reconece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CMCCT | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ ñ ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CD | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ ñ ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CD | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ ñ ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA | 50% | |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo consec. | Tempor. |
|---|--|---|---|--|---------------------|----------|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ ñ ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA | 50% | 1º Trim. |
| Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos | | | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCEC | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Orixes do alfabeto latino. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ h | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Pronuncia do latín. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL | 50% | |
| Bloque 3. Morfoloxía | | | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Formantes das palabras. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ b | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Concepto de declinación e conxugación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL | 50% | |

| Obxectivos | Contidos | Crterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo consec. | Tempor. | |
|---|--|--|---|--|---------------------|----------|----------|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL | 50% | 1º Trim. | |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA | 50% | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Flexión verbal. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Coñecer as conjugacións, encadrar os verbos dentro da súa conjugación, enuncialos e conxugalos correctamente. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB3.5.1. Identifica as conjugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conjugación a partir do seu enunciado. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL | 50% | | |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e reconece a partir destas os modelos de conjugación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA | 50% | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ b ▪ h ▪ ñ ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Flexión verbal. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Reconecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL | 50% | | |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL | 50% | | |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL | 50% | | |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL | 50% | | |
| Bloque 4. Sintaxe | | | | | | | 2º Trim. |

| Obxectivo | Contidos | Crterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo consec. | Tempor. |
|--|--|--|--|---------------------------|---------------------|----------|
| ▪ f | ▪ B4.1. Elementos da oración. | ▪ B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración. | ▪ LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración. | ▪ CMCCT | 50% | 2º Trim. |
| ▪ h | ▪ B4.2. Casos latinos. | ▪ B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente. | ▪ LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración. ▪ LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | ▪ CAA ▪ CCL | 50% | |
| ▪ e | ▪ B4.3. Concordancia. | ▪ B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán. | ▪ LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | ▪ CCL | 50% | |
| ▪ b | ▪ B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas. | ▪ B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple. | ▪ LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características. | ▪ CMCCT ▪ CCA ▪ CCL | 50% | |
| ▪ e | ▪ B4.5. Oración composta: oracións coordinadas. | ▪ B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas. | ▪ LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples. | ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CCL | 50% | |
| ▪ h | ▪ B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes. | ▪ B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes. | ▪ LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analízalas e tradúceas correctamente. | ▪ CCL | 50% | |
| Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización | | | | | | |
| ▪ a ▪ f ▪ e | ▪ B5.1. Períodos da historia de Roma. | ▪ B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes | ▪ LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. | ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CD | 50% | |

| Obxectivo | Contidos | Crterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo consec. | Tempor. |
|------------|---|---|--|-------------------------------------|---------------------|----------|
| ▪ ñ | | cronolóxicos. | ▪ LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente. | ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CSC | 50% | 2º Trim. |
| | | | ▪ LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información. | ▪ CD ▪ CAA ▪ CMCCT | 50% | |
| | | | ▪ LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias. | ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL | 50% | |
| ▪ a ▪ ñ | ▪ B5.2. Organización política e social de Roma. | ▪ B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma. | ▪ LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. | ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCL | 50% | |
| | | | ▪ LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais. | ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL | 50% | |
| ▪ c ▪ ñ | ▪ B5.3. A familia romana. | ▪ B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. | ▪ LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais. | ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL | 50% | |
| ▪ l ▪ n | ▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. | ▪ B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina. | ▪ LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes. | ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD | 50% | |

| Obxectivo | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo consec. | Tempor. |
|---|--|--|--|---|---------------------|----------|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ n ▪ ñ | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD | 50% | 2º Trim. |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ m | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CCL ▪ CAA | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ ñ | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CCEC | 50% | |
| Bloque 6. Textos | | | | | | 3º Trim. |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ h | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA | 50% | 3º Trim. |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA | 50% | |

| Obxectivo | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo consec. | Tempor. |
|-------------------|---|--|---|---|---------------------|----------|
| ▪ h | ▪ B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución. | ▪ B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan. | ▪ LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos. | ▪ CCL ▪ CAA | 50% | 3º Trim. |
| ▪ l ▪ f | ▪ B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. | ▪ B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos. | ▪ LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. ▪ LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. | ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL | 50% 50% | |
| ▪ b | ▪ B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina. | ▪ B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia. | ▪ LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto. | ▪ CCL | 50% | |
| ▪ g | ▪ B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina. | ▪ B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva. | ▪ LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado. | ▪ CCL | 50% | |
| Bloque 7. Léxico | | | | | | |
| ▪ h ▪ ñ ▪ o | ▪ B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia. | ▪ B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia. | ▪ LAB7.1.1. Deducer o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. ▪ LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia. | ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA | 50% 50% | |
| ▪ b ▪ ñ ▪ o | ▪ B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos. | ▪ B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta. | ▪ LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua. | ▪ CMCCT ▪ CCL | 50% | |

| Obxectivo | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo consec. | Tempor. |
|---|--|---|---|--|---------------------|----------|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ ñ ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL | 50% | 3º Trim. |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ b | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Locucións latinas de uso actual. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregarlas nun contexto axeitado. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregarlas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL | 50% | |

5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Plantexa-se unha avaliación continúa desenvolvida en tres momentos distintos e complementarios:

Avaliación inicial

Ao comezo do curso, para determinar o grado de formación do alunado. Consistirá nunhas oracións en galego para que o alunado identifique as funcións que realizan as palabras suliñadas e nuns verbos para analizar .

Avaliación formativa

Ao final de cada tema ou de cada bloque de contidos o profesor recollerá datos sobre as capacidades desenvolvidas polo alunado para apreciar o grado de consecución dos obxectivos e poder realizar as correccións oportunas.

Avaliación sumativa

Trata de valorar ao final do proceso o grao de aprendizaxe alcanzado.

Instrumentos de avaliación

Estes son os instrumentos de avaliación previstos:

- Observación directa e sistemática do alunado no seu traballo individual diário. Estas notas de clase terán unha incidencia directa na nota de avaliación por ser o reflexo do grao de esforzo contínuo do alumnado. Axudarán a redondear cara arriba ou cara abaixo a nota acadada na avaliación.

- Probas obxectivas escritas que recollerán aspectos teóricos e prácticos como os seguintes:

- Análise e tradución á lingua materna de frases e textos latinos.
- Recoñecemento de categorías morfolóxicas.
- Manexo da flexión nominal, pronominal e verbal.
- Análise de elementos e estrutura de oracións.
- Recoñecemento de cultismos, palabras patrimoniais, elementos da formación de palabras.
- Cuestións concretas e desenvolvemento dun tema sobre cultura latina.

6. CRITÉRIOS DE CUALIFICACIÓN. Grao mínimo de consecución de cada estándar.

Dende a proposta de primar o traballo diario sobre os exames tradicionais, como xa indicou no apartado anterior, a cualificación baseará-se na variedade e diferenciación das probas.

Así, a porcentaxe asignada aos diferentes instrumentos será a seguinte,

1. Conceptos (intercambios orais e probas específicas): 60%
 - a. Probas obxectivas: resolución de exercicios.
2. procedimentos: 30%
 - a. lectura de libros e textos clásicos
 - b. resolución de exercicios e problemas
 - c. traballos de investigación
3. Actitudes: 10%
 - a. Libreta de clase entregada polo Classroom ou correo Gmail.

A cualificación final obterá-se con arreglo ao seguinte criterio:

- 1ª avaliación: 30%
- 2ª avaliación: 30%
- 3ª avaliación: 40%

Paralelamente, buscará-se a realización dunha avaliación formativa ao final de cada unidade e trimestre, na que se poidan comprobar os avances conseguidos polo noso alumnado, pero non como un simple enxuizamento, non como constatación dos coñecementos adquiridos, senón a avaliación de todo un proceso, permitindo eliminar ou modificar aquelas partes do currículo intrascendentes ou máis dificultosas.

Da mesma maneira, potenciará-se a autoavaliación do alumnado en todos os aspectos da asignatura, por medio de fichas e entrevistas.

As conclusións permitirán valorar o traballo do alumnado, pero tamén a propia práctica docente, permitindo adoptar ou modificar estratexias que faciliten a aprendizaxe do alumnado. Neste sentido, fuximos de culpar ao alumno sempre dos malos resultados e as reunións de departamento han servir de reflexión sobre a propia actividade do profesor, introducindo cambios no currículo, na metodoloxía, tendo presente, tamén, a demanda do alumnado.

| | |
|---|--|
| Grao mínimo de consecución de cada estándar. | <p>LINGUA: Coñecer o abecedario e a pronunciación do latín. Coñecer os casos e os seus principais valores sintácticos. Declinar correctamente substantivos das cinco declinacións latinas. Identificar adxectivos da 1ª, 2ª e 3ª declinacións. Conxugar o presente e o pretérito imperfecto de indicativo do verbo <i>SUM</i> e das catro conxugacións regulares. Recoñecer as estruturas oracionais básicas, a concordancia e a orde de palabras. Análise morfosintáctica, tradución de textos breves e sinxelos en lingua latina e retroversión de oracións simples.</p> <p>CULTURA E CIVILIZACIÓN: O marco xeográfico e histórico da civilización romana. Principais fitos da historia de Roma. As pegadas materiais da romanización. Mitos fundacionais de Roma. Aspectos da vida cotiá en Roma, das súas institucións, sociedade e urbanismo. O legado de Roma a Occidente. Realización de traballos empregando soportes e fontes diversas sobre temas relacionados con estes contidos.</p> |
| Instrumentos avaliación | <ol style="list-style-type: none"> 1) Notas de clase derivadas do traballo persoal encomendado para a casa e do realizado na clase. 2) Participación co departamento, respondendo a cuestións presentadas. 3) Traballos en grupo sobre cuestións relacionadas coa cultura e civilización latinas. 4) Traballos individuais derivados de actividades extraescolares. 5) Probas obxectivas: levaranse a cabo ó fin de cada bloque de contidos e terán os seguintes |

| | |
|--|---|
| | <p>apartados:</p> <p>a) Exercicios relacionados cos contidos lingüísticos -separados en: morfoloxía nominal, verbal, pronominal, sintaxe e tradución-. Suporá o 70% da cualificación da proba. Hai que ter en conta que o alumnado deberá obter en cada apartado da proba unha nota mínima de 5, xa que non se concibe no estudio das linguas que alguén domine, por exemplo, a morfoloxía nominal e descoñeza absolutamente a verbal.</p> <p>b) Exercicios relacionados cos contidos de cultura e civilización. Suporán o 20% da cualificación da proba.</p> <p>c) Exercicios de evolución de palabras dende o latín ás linguas románicas e latinismos. Suporá o 10% restante.</p> |
|--|---|

| | |
|--------------------------------|---|
| Criterios cualificación | <p>Como é comprensible nunha disciplina das características da nosa a avaliación será continua, especialmente nos aspectos lingüísticos, polo que, na proba da 2ª avaliación, incluíranse contidos da 1ª e na proba da 3ª avaliación incluíranse os contidos traballados ao longo de todo o curso.</p> <p>A valoración que imos outorgar aos contidos actitudinais na ESO é dun 10% sobre a nota global. O 90% restante distribuirase nas tres avaliacións entre unha ou dúas probas ou exames que recibirá unha valoración dun 60 % sobre a nota global e un traballo sobre un tema de Cultura e Civilización que recibirá unha valoración do 30% sobre a nota global. A cualificación de cada avaliación será o resultado da suma das cualificacións obtidas na proba específica ou exame de avaliación, no traballo e a cualificación dos contidos actitudinais, é dicir: EXAME + TRABALLO + CUALIFICACIÓN DE CONTIDOS ACTITUDINAIS = CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN. Para obter unha cualificación mínima de aprobado será imprescindible que os alumnos e alumnas realicen tanto o exame como o traballo, é dicir, o feito de non presentar o traballo suporá unha cualificación negativa na avaliación. Polas condicións específicas da avaliación continua, a cualificación obtida na terceira avaliación constituirá a cualificación final do curso.</p> <p>Respecto á proba de setembro, será un exame similar aos realizados ao longo do curso, con cuestións relativas aos contidos de lingua (7 puntos) e Cultura e Civilización (3 puntos). Os contidos actitudinais non son obxecto de avaliación en setembro polo que o exame se puntuará sobre 10.</p> |
|--------------------------------|---|

7. METODOLOXÍA

Aplicará-se unha metodoloxía activa, que esixirá a constante participación do alunado na clase co fin de lograr a consecución dos diferentes contidos propostos.

Dende a posición da aprendizaxe significativa, propomos tres fases:

- O coñecemento previo do alumno
- A incorporación de novos contidos, na que o novo contido se relaciona con outros contidos e estes se amplían, revisan e reorganizan. O axente que permite este proceso é memoria comprensiva.
- Na terceira fase, reconstrúen-se os contidos recuperados pola memoria comprensiva, e incorporan-se a un sistema de relacións.

En moitos momentos será necesario diferenciar actividades por grupos ou adaptar a dificultade dunha actividade dada. Igualmente, xa que o galego procede do latín, con notable presenza do grego, e que o alunado coñece unha ou dúas linguas máis, é importante a idea da contrastación. O contraste e as diferencias e similitudes entre o galego e o latín favorecerán unha aprendizaxe firme de ambas as dúas linguas.

Teremos en conta os seguintes postulados básicos na nosa metodoloxía: carácter integral, carácter gradual, motivación, avaliación formativa e tratamento dos erros.

Carácter integral

A materia non é un conglomerado de compartimentos estancos. Hai que defender a necesidade dunha relación importante entre lingua e cultura, en todas as partes. E ao planificar os contidos por unidades didácticas e bloques temáticos, fai-se con este criterio, buscando que o alumno atope esa interrelación.

Carácter gradual

Os contidos selecciónan-se e gradúan-se segundo criterios específicos e razoados.

Motivación

A realidade do noso alunado de Secundaria, a mala fama dos nosos estudos, obríganos a un esforzo de motivación. Sin trivializar os contidos, senón enriquecendo os mecanismos de interacción na clase e aplicando procedementos significativos, o profesor non debe monopolizar a acción educativa, máis ben, máis socrático, a fonte do saber non está na memoria senón no diálogo entre preguntas e respostas. É preferible a aprendizaxe inductiva, permitir o erro, recorrer a referencias actuais, ofrecer axuda contextual, provocar a curiosidade. E a motivación supón un reforzo da autoestima, unha mellora do autoconcepto e unha boa interacción na clase.

Avaliación formativa e tratamento dos erros

É importante facer uso da avaliación formativa, que nos facilitará información cualitativa sobre o proceso educativo, tanto dende o punto de vista do alumno e da súa diversidade, coma do profesor e da adaptación da súa ensinanza ás necesidades da aula. Non é xusto dicir-lle ao alumno que os seus coñecementos e ignorancia están en tal nota numérica e que a solución é que estude máis. Hai que ter en conta que se aprende cos erros e dos erros.

Os datos máis importantes poden ser proporcionados polas probas escritas, aínda que a práctica diaria é necesaria para detectar deficiencias e a organización da axuda.

Aínda que se poden ter en conta numerosos criterios, todos nos poden axudar a diagnosticar a verdadeira situación na aprendizaxe de cada alumno e a tentar mellorala. Os erros poden afectar en maior ou menor medida á consecución dos obxectivos, entendidos como capacidades, e debemos distinguir entre erros propiamente ditos e descoidos, sin buscar a perfección, e sin esquecer que os erros poden estar provocados por defectos na ensinanza.

Sin necesidade de ser exhaustivos na análise dos erros, é convinte facé-lo en determinados momentos, procurando unha interpretación deductiva dos datos á vez que unha visión avaliativa global. Entre sos mecanismos de superación das deficiencias detectadas convén potenciar a autocorrección, en consoanza co principio de autonomía da aprendizaxe.

En resumo, o sistema a seguir en cada unidade será o seguinte:

- avaliación inicial, co fin de partir de conceptos xa coñecidos
- momento de investigación, na medida do posible, na que o alunado construe o seu propio coñecemento.
- Explicación do profesor, utilizando esquemas en soporte de transparencias, vídeo, canón ou encerado.
- Realización de exercicios, de forma colectiva, en grupos ou individualmente
- Avaliación do alumnado e do profesor, sempre ao final de cada unidade, trimestre e curso, de onde emanen as posibles adecuacións da programación.

8. RECURSOS DIDÁCTICOS

O alumnado utilizará ao longo do curso os seguintes recursos didácticos:

- Textos latinos dos autores máis diversos.
- Vídeos informativos e películas.
- Mapas xeográficos e históricos.
- Libros de consulta e de lectura da biblioteca.
- Artigos de revistas especializadas sobre temas de interese para o desenvolvemento da asignatura.
- Debates e postas en común.
- Recursos informáticos: classroom, correo Gmail...
- Libro de texto
- Dicionarios

9. PRBAS EXTRAORDINÁRIAS DE SETEMBRO

O alumnado que non acadase os mínimos esixidos nos criterios de cualificación na convocatoria de xuño poderá presentar-se á proba extraordinaria de setembro que recollerá cuestións referentes aos distintos apartados sinalados nos estándares de aprendizaxe.

Respecto á proba de setembro, será un exame similar aos realizados ao longo do curso, con cuestións relativas aos contidos de lingua (7 puntos) e Cultura e Civilización (3 puntos). Os contidos actitudinais non son obxecto de avaliación en setembro polo que o exame se puntuará sobre **10**.

10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Serán, basicamente, o progreso (ou falta del) que se aprécie nos procedimentos empregados conforme avance o curso, e que serán convenientemente avaliados polo profesor a través de:

- exercicios propostos na aula.
- exames realizados en cada trimestre.

Indicadores do proceso de ensino

| | Escala | | | |
|---|--------|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alunado | | | | |
| 2. Conseguiu-se crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe | | | | |
| 3. Conseguiu-se motivar para lograr a actividade intelectual e física do alunado | | | | |
| 4. Conseguiu-se a participación activa de todo o alunado | | | | |
| 5. contou-se co apoio e coa implicación das familias no traballo do alunado | | | | |
| 6. Mantivo-se un contacto periódico coa familia por parte do profesorado | | | | |
| 7. Adotaron-se as medidas curriculares adecuadas para atender o alunado con NEAE | | | | |
| 8. Adotaron-se as medidas organizativas adecuadas para atender o alunado con NEAE | | | | |
| 9. atendeu-se adecuadamente á diversidade do alunado | | | | |
| 10. usaron-se distintos instrumentos de avaliación | | | | |
| 11. Da-se un peso real á observación do traballo na aula | | | | |
| 12. valorou-se adecuadamente o traballo colaborativo do alunado dentro do grupo | | | | |

Indicadores de logro da práctica docente

| | Escala | | | |
|---|--------|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fan-se explicacións xerais para todo o alunado | | | | |
| 2. Ofrece-se a cada aluno/a a explicación individualizada que precisa | | | | |
| 3. Elaboran-se actividades atendendo á diversidade | | | | |
| 4. elaboran-se probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alunado con NEAE | | | | |
| 5. Utilizan-se distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar | | | | |
| 6. Combina-se o traballo individual e en equipa | | | | |
| 7. Potencian-se estratexias de animación á lectura | | | | |
| 8. Potencian-se estratexias tanto de expresión coma de comprensión oral e escrita | | | | |
| 9. Incorporan-se as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe | | | | |
| 10. presta-se atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar | | | | |
| 11. Oferecen-se ao alunado de forma rápida os resultados de traballos, probas.. | | | | |
| 12. analizan-se e comentan-se co alunado os aspectos máis significativos derivados da corrección de probas, traballos.. | | | | |
| 13. Da-selle ao alunado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos/erros | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas función de tutoría e orientación | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzó.. están claramente vinculadas aos estándares | | | | |
| 17. Avalia-se a eficacia dos programas de apoio, reforzó, recuperación, ampliación | | | | |

11. AVALIACIÓN INICIAL

Realizará-se ao comezo do curso, para determinar o grao de formación do alumnado. Consistirá nunhas oracións en galego para que o alunado identifique as funcións que realizan as palabras suliñadas e nuns verbos para analizar.

Si, tras facé-la, se detectase eivas importantes nalgún alumno/a, poñería-se en marcha unha estratéxia de atención personalizada, previa consulta co Departamento de Orientación. Si os problemas fosen de orde colectivo, reservaría-se un pequeno espazo de cada sesión a afirmar os coñecimentos que fosen oportunos.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para o alumnado que presenta problemas na asimilación dos diversos contidos prepararán-se exercicios de dificultade graduada para os temas lingüísticos e léxicos; nos temas culturais axudará-selles con esquemas feitos coa supervisión do profesor.

En caso necesario, faríanse adaptacións curriculares.

Como norma xeral, ofrecerase un apoio extra ao alunado que así o desexe durante os recreos, para consultar calquera dúbida relacionada coa materia, así coma para proporlles outro tipo de exercicios que lles faciliten a adquisición dos contidos mínimos do curso .

Pola contra, o alunado que teña máis capacidade e rapidez que os restantes do grupo poderá realizar exercicios de tradución extra mentres os demais rematan o traballo proposto para a sesión de clase.

13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O currículo oficial reconece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Debe ser suficientemente flexible para recoller as novas necesidades formativas características dunha sociedade plural en permanente cambio. Polo tanto, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das materias, o atravesan e o impregnan. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas transversais.

A LOMCE, no artigo 24.6 establece que, sen prexuízo do seu tratamento educativo específico nalgunhas das materias de etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional se traballarán en todas as materias.

Para o traballo da Comprensión lectora empregaremos os textos de autores clásicos e o dicionario como a ferramenta máis axeitado ao perfil da nosa materia. Proporá-se ao alumnado unha actividade lectora que terá carácter obrigatorio.

Para a Expresión oral e escrita intentarase que o alumnado sexa quen de expresar de forma escrita e oral os distintos temas de realia.

A Comunicación Audiovisual atopará o seu encaixe na presentación de traballos en diferentes suportes.

En canto ás TIC, fomentaremos a autonomía e a colaboración na busca de información a través da Internet, o emprego de materiais interactivos e outros recursos dispoñibles na rede no proceso de ensino-aprendizaxe e o emprego do soporte informático na elaboración e presentación dos traballos.

A Capacidade para o Emprendemento pode ver-se enriquecida co emprego de instrumentos coma os traballos e os proxectos, onde xurdirá a necesidade de toma de decisións, de ter iniciativas e de propor solucións creativas ás propostas formuladas.

A convivencia na aula e os traballos en equipo, favorecerán a Educación Cívica e constitucional.

Ademais, intentaremos introducir tódolos contidos comúns-transversais no desenvolvemento das competencias clave, nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación, orientando-os cara a unhas actitudes concretas:

-Fomentar a tolerancia intelectual para aceptar e estar abertos a outras opinións, interpretacións e puntos de vista diferentes dos propios.

-Propugnar unha actitude de rexeitamento ante mensaxes que denotan unha discriminación sexual, racial, social etc.

-Difundir a análise de materiais impresos e audiovisuais como unha forma de comprender, integrar e relacionar os recursos verbais e visuais que empregan.

-Fomentar o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para mellorar a cultura visual e para expresar, de forma persoal e creativa, vivencias e emocións.

-Aprender a disfrutar do tempo de lecer dun xeito persoal e enriquecedor.

-Convidar á utilización creativa de recursos materiais variados do entorno, tanto convencionais como non convencionais.

14. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Dependendo do número de alumnado e da dotación económica poderán proporse as seguintes actividades:

-Visita á cidade de Lugo: inclúe recorrido da muralla, museo arqueolóxico provincial, nacemento do río Miño e castro de Viladonga. (segundo trimestre)

-Visita de tres días, a Conimbriga: inclúe a visita á Citânia de Briteiros, Guimarães, Porto e Coimbra. (terceiro trimestre).

Na preparación destas actividades terase especialmente en conta a interdisciplinabilidade, de maneira que se implique o maior número posible de Departamentos.

Así mesmo, considérase que a realización destas actividades, alén do fomento da convivencia, é o máis adecuado para traballar contidos transversais como: respecto pola diversidade, social, lingüística, relixiosa ou de sexo, respecto polo patrimonio cultural que nos foi legado desde a antigüidade....

Na realización destas actividades distinguimos 4 partes:

1. Fase de preparación: realiza-se na aula, no período dunha ou dúas semanas antes da saída. Consistirá na recollida exhaustiva de información sobre os lugares a visitar por diferentes medios: folletos, vídeos, biblioteca, internete, charlas...
2. Fase de realización da saída: cada alumno/a irá provisto dun caderno de viaxe no que recollerá a información “in situ”, que poderá completar con reportaxes fotográficas ou dos soportes que considere procedente. Nuns casos a información a recoller será guiada, noutros será o propio alumno o que debe discernir o que debe recoller.
3. Fase de realización do traballo: á volta, nuns casos de forma individual, noutros en grupos, deberán facer un traballo no que se recolla a visita realizada. Procurará-se ir alternando o formato do traballo en cada saída, e valorará-se a presentación en formatos alternativos. Para iso, procurará-se que poidan dedicar algunhas clases á realización do mesmo, que poidan dispor dos recursos informáticos do centro.
4. Fase de avaliación: o profesorado implicado na saída realizará a avaliación do traballo presentado, tendo en conta o interese amosado durante a visita e a implicación na preparación da mesma. O alumnado realizará unha autoavaliación dos mesmos aspectos.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

O departamento de Latin considera que a porcentaxe de alumnos/as que acaden avaliación positiva debe ser superior ao 70% en cada avaliación, excluindo desta porcentaxe ao alunado que non obteña avaliación positiva por non ter asistido as probas escritas ou non ter realizado as tarefas avaliáveis. De non acadar-se esta porcentaxe, propón-se a seguinte ferramenta como mecanismo de revisión trimestral da programación didáctica e poder así modificá-la para tratar de corrixir a desviación con respecto ao obxectivo marcado no seguinte trimestre

| ASPECTOS PARA AVALIAR | PARA DESTACAR... | PARA MELLORAR... | PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL |
|--|------------------|------------------|------------------------------|
| Temporalización das unidades didácticas | | | |
| Desenvolvemento dos obxectivos didácticos | | | |
| Manexo dos contidos da unidade | | | |
| Descritores e desempeños competénciais Realización de tarefas | | | |
| Estratéxias metodolóxicas seleccionadas Recursos | | | |
| | | | |
| Claridade nos criterios de avaliación | | | |
| Uso de diversas ferramentas de avaliación | | | |
| Atención á diversidade | | | |

1º BACHARELATO

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O Departamento é unipersoal, estará composto pola profesora María José Canal Bouzas, que ostentará a Xefatura de Departamento, e terá ao seu cargo a totalidade das materias encomendadas ao Departamento:

| | | | | | |
|--------|---------|----------|---|--|---|
| Diurno | 4º ESO | Latin | 1 | | 3 |
| | 1º BACH | Latin I | 1 | | 4 |
| | 2º BACH | Latin II | 1 | | 4 |

2. CONTRIBUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES AO DESENVOLVIMENTO DAS COMPETÊNCIAS CLAVE

Competencia en comunicación lingüística: A pesar de non ser unha lingua falada na actualidade, o latín está na base das linguas cooficiais en Galicia, así como na do catalán (outra lingua española) e na do portugués (irmá do galego) e o francés (habitualmente a 2ª lingua estranxeira cursada no noso Centro). Por iso, o coñecemento do léxico latino, do seu sistema morfosintáctico e dos mecanismos que marcaron a súa evolución cara o romance, contribúen de xeito decisivo á afirmación das habilidades lingüísticas que posúan e prepara-os para a adquisición doutras novas, cáseque que en calquera lingua que se propoñan.

Competencias sociais e cívicas: O coñecemento da sociedade e formas de goberno dos antigos romanos fornece-os dunha base moi axeitada para comprender os sistemas organizativos dos Estados actuais, en tanto que, coa lóxica evolución a través do tempo, continúan a sistematización administrativa que Roma produciu, sobre todo no que atinxe á Europa unida.

Competencia da conciencia e expresións culturais: O patrimonio arqueolóxico e o recoñecemento de todas aquelas conductas actuais que, dunha ou outra maneira, proceden da antiga Roma, contribuirán a que o alumnado valore a perdurabilidade deses elementos da arte e a cultura romanas na nosa vida actual e as posibles razóns que motivaron esa persistencia a través do tempo.

Competencia dixital: Hoxe en día é inexcusable o emprego das fontes de información dixitais para adquirir unha formación sólida e continuada. De seguro, o alumnado está en contacto desde moi novo con esta realidade, pero moitas veces non empregan con habilidade este recurso. Desde esta materia, como desde as do resto do currículo, contribuiremos a afirmar nos estudantes o modo eficaz de empregar a internet e as aplicacións informáticas máis comúns para que poidan tirar o maior partido delas, seleccionando e asimilando a información máis pertinente en cada momento.

Competencia de aprender a aprender: A toma de contacto cos alicerces das nosas linguas e do bloque cultural dominante na nosa vida facilitará ao alumnado a relación cos coñecementos propios das outras áreas do currículo: a materia de Latín pode servir como

un pozo no que se poden recoller elementos de engarce para o que aprendan en materias lingüísticas, sociais (Historia, p. ex.), e mesmo científicas (pensemos na Táboa Periódica química, p. ex.). O mellor xeito de aprender a aprender é captar os puntos de contacto entre os diferentes campos do saber humano.

Competencia de autonomía e iniciativa persoal: Pretendemos que o alumnado tente resolver por si mesmo a tradución pero, cando a dificultade desta lle faga non poder resolvé-la, axudaremos-lle a facé-la, facendo-lle ver os erros que comete na análise ou nos significados que colleu para as palabras.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

De acordo coa lexislación vixente, incluímos os **obxectivos xerais para o Bacharelato:**

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alunado as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galiza, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresar-se con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

- l) Comprender os elementos e os procedimentos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galiza, e contribuir a súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Por outra banda, estes son os obxectivos específicos da materia de Latín :

- 15. Familiarizar ao alumnado coa idea da reconstrución lingüística, amosando como é posible e lícito remontar-se cara linguas descoñecidas e prehistóricas a través dos idiomas que temos documentados.
- 16. Afondar na idea, xa coñecida polo alumnado, do latín coma orixe da maioría das linguas que se falan no occidente europeo, particularmente o galego, o castelán e os outros idiomas romances da Península Ibérica, e aclarar así o concepto do latín como "lingua morta", relativizando os chamados "estados definitivos" das linguas actuais. Por outra banda, destacarase a condición do latín como vehículo de difusión da lingua e da cultura practicamente ata o século pasado.
- 17. Comprender os mecanismos que rexen a evolución fonética, para poder recoñecer con seguridade e regularidade as bases dun grande número de palabras romances actuais.
- 18. Familiarizar ao alumnado cos espazos e edificios máis importantes da antiga Roma.
- 19. Conseguir que o alumnado sexa consciente de que o alfabeto latino non é o único sistema de escrita que existe, por máis que sexa o máis estendido e eles o consideren como o medio máis natural de transcribir unha mensaxe oral. De xeito máis secundario, iniciar ao alumnado na distinción entre grafía e son: cumprir facer-lle ver que a lingua escrita é subsidiaria da oral, aínda que se produzan múltiples interferencias. Finalmente, aprender os signos do alfabeto latino, e tamén a prosodia.
- 20. Expor e introducir ao alumnado no concepto funcional do que é un caso, coa súa dobre vertente, morfolóxica e sintáctica. De seguido, artellar a explicación do concepto de caso coa existencia das declinacións, como paradigmas nos que os nomes (substantivos e adxectivos) se agrupan para formar determinados conxuntos que funcionan de xeito idéntico máis a súa (aparente) diferenza formal. A partir de aí, diferenciar entre flexión nominal (substantivos e adxectivos) e pronominal, aprendendo-

as progresivamente ao longo do curso, de acordo coa temporalización que se indica máis abaixo.

21. Acadar unha comprensión, por comparación coas nosas línguas, da estrutura e funcionamento do verbo latino, acollendo-nos ao concepto de conxugación. Ao longo do curso irán-se debullando os diversos tempos, modos e voces, prestando especial atención ás semellanzas co galego e o castelán, que, sen dúbida, facilitarán a aprendizaxe. Contra o final do curso introducirán-se as formas nominais do verbo, de moita importancia nos textos que se traballarán na materia de Latín II (2º BAC).
22. Asimilar a estrutura da cláusula simple latina (cun só verbo), nas súas diversas formas, con especial atención ao feito da concordancia, básico na coherencia sintáctica, igual que sucede en galego e castelán.
23. Entender e saber interpretar as cláusulas complexas latinas (con máis dun verbo), examinando detidamente os seus tipos, que coinciden, no fundamental, co que acontece nas nosas línguas. Así, comezaremos pola coordinación e a subordinación, tal e como se entenden nas gramáticas tradicionais, e contrastaremos eses conceptos con outras visións (mais sen complicar demasiado a explicación).
24. Apresentar a Historia de Roma, coa clásica triple subdivisión entre Monarquía, República e Imperio. Ao mesmo tempo, facer-lle comprender ao alunado a subxectividade de todo relato histórico.
25. Achegar ao alunado certas expresións do latín cotián, facendo-lle ver que o latín que estudiamos, a parte de ser unha lingua literaria, tamén foi unha lingua falada e, como tal, posuía expresións cotiás paralelas e, nalgún caso, moi semellantes, ás que usamos hoxe en día: veremos fórmulas de saúdo e despedida, formas de afirmar, negar e perguntar, diversos campos léxicos, e remataremos cunha escolma de *graffiti* pompeianos, insistindo na enorme importancia que teñen para podermos chegar á realidade cotiá da lingua, do mesmo xeito que fan as pintadas actuais.
26. Acadar do alunado a comprensión do concepto de *utilitas*, vertebrador de toda a literatura romana: só merece poñer-se por escrito (en *littera*) aquilo que se considera proveitoso conservar, sobre todo nun senso práctico, mellor que na busca do mero pracer estético. A partir deste concepto, presentarán-se exemplos destes xéneros literarios: Historiografía, Poesía Épica, Poesía Lírica e Comedia.
27. Espertar a conciencia do alunado cara o mundo que o rodea mediante a presentación das formas de goberno e as clases sociais que Roma albergou e a súa comparación coas actuais; queremos que o alunado contraste a Antigüidade co momento presente e destaque que elementos conservamos e cales desbotamos, atribuindo ademais valores positivos ou negativos.
28. Recapitular e establecer conclusións teóricas sobre o traballo de etimoloxía que se fará ao longo do curso sobre o vocabulario que se verá a propósito do traballo de tradución de secuencias.

4. DESENVOLVEMENTO DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, MÍNIMO PARA SUPERAR A MATÉRIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

| Latín I. 1º de bacharelato | | | | | | |
|---|---|--|--|----------------------------|---------------------------|----------|
| Objec tivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo consec. | Tempor. |
| Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances | | | | | | |
| ▪ l ▪ p | ▪ B1.1. Marco xeográfico da lingua. | ▪ B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina. | ▪ LA1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico da lingua latina e a súa expansión, delimitando os seus ámbitos de influencia e colocando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. | ▪ CMCCT ▪ CCEC ▪ CSC | 50% | 1º Trim. |
| ▪ g | ▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. | ▪ B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día. | ▪ LA1B1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, e delimita nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión. | ▪ CD ▪ CAA | 50% | |
| ▪ n | ▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. | ▪ B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa. | ▪ LA1B1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | ▪ CSC ▪ CCEC | 50% | |
| ▪ n ▪ p | ▪ B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances. | ▪ B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa, e delimitar o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo, recoñecendo as súas características. | ▪ LA1B1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances, localiza nun mapa as zonas onde se utilizan, delimita o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo e recoñece as súas características. | ▪ CSC ▪ CCEC | 50% | |
| ▪ d ▪ g ▪ p ▪ h | ▪ B1.4. Orixe, evolución e etapas do latín. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | ▪ B1.5. Distinguir as principais etapas na evolución do latín e recoñecer e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | ▪ LA1B1.5.1. Distingue e delimita as etapas do latín, recoñece e distingue a partir do étimo latino cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, e explica as evolucións que se producen nun caso e no outro. ▪ LA1B1.5.2. Coñece exemplos de termos latinos que | ▪ CCL ▪ CAA ▪ CMCCT | 50% | |
| | | | | ▪ CCL | 50% | |

| Latín I. 1º de bacharelato | | | | | | |
|---|--|--|--|---|---------------------|----------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo consec. | Tempor. |
| | | | <p>deron orixe tanto a unha palabra patrimonial como a un cultismo, e sinala as diferenzas de uso e significado entre ambos.</p> <ul style="list-style-type: none"> LA1B1.5.3. Demostra a presenza do latín no século XXI en campos como a ciencia, a cultura, a publicidade, os medios de comunicación, internet e as redes sociais. | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CCEC | 50% | 1º Trim. |
| <ul style="list-style-type: none"> d p n | <ul style="list-style-type: none"> B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán. | <ul style="list-style-type: none"> B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética, e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán partindo dos étimos latinos. | <ul style="list-style-type: none"> LA1B1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica. | <ul style="list-style-type: none"> CCL CAA | 50% | |
| Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos | | | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> g | <ul style="list-style-type: none"> B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura. | <ul style="list-style-type: none"> B2.1. Recoñecer sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto. | <ul style="list-style-type: none"> LAT1B2.1.1. Recoñece tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que distinguen uns dos outros. | <ul style="list-style-type: none"> CD CCEC | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> g | <ul style="list-style-type: none"> B2.2. Orixes e evolución do alfabeto latino. | <ul style="list-style-type: none"> B2.2. Distinguir as fases da evolución do alfabeto latino, desde a súa orixe ata o alfabeto da época clásica. | <ul style="list-style-type: none"> LAT1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto latino, e a evolución e a adaptación dos signos do alfabeto grego. | <ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> g | <ul style="list-style-type: none"> B2.2. Orixes e evolución do alfabeto latino. | <ul style="list-style-type: none"> B2.3. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas. | <ul style="list-style-type: none"> LAT1B2.3.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do alfabeto latino, así como a súa evolución, sinala as adaptacións que se producen en cada unha e recoñece os tipos de alfabeto usados actualmente en Europa, en relación coas linguas que os empregan. | <ul style="list-style-type: none"> CSC CCL CCEC | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> e | <ul style="list-style-type: none"> B2.3. Pronuncia do latín: tipos. | <ul style="list-style-type: none"> B2.4. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas da pronuncia en latín e distinguir os seus tipos. | <ul style="list-style-type: none"> LAT1B2.4.1. Le con pronuncia e acentuación correctas textos latinos, identificando e reproducindo exemplos de diferentes tipos de pronuncia. | <ul style="list-style-type: none"> CCL | 50% | |

| Latín I. 1º de bacharelato | | | | | | |
|----------------------------|--|---|---|------------------------|---------------------|----------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo consec. | Tempor. |
| Bloque 3. Morfoloxía | | | | | | 1º Trim. |
| ▪ d | ▪ B3.1. Formantes das palabras. | ▪ B3.1. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. | ▪ LA1B3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma. | ▪ CMCCT ▪ CCL | 50% | |
| ▪ g | ▪ B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables. | ▪ B3.2. Distinguir os tipos de palabras a partir do seu enunciado. | ▪ LA1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. | ▪ CAA ▪ CCL | 50% | |
| ▪ i ▪ l | ▪ B3.3. Concepto de declinación e conxugación. | ▪ B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación. | ▪ LA1B3.3.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, explicando e ilustrando con exemplos as características que diferencian os conceptos de declinación e conxugación | ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD | 50% | |
| ▪ g ▪ d | ▪ B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes. | ▪ B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente. | ▪ LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoo segundo a súa categoría e a súa declinación. | ▪ CCL | 50% | |
| | | | ▪ LA1B3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. | ▪ CCL | 50% | |
| ▪ d ▪ g | ▪ B3.5. Flexión verbal. | ▪ B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente. | ▪ LA1B3.5.1. Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal. | ▪ CAA ▪ CCL | 50% | |
| | | | ▪ LA1B3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de | ▪ CCL | 50% | |

| Latín I. 1º de bacharelato | | | | | | |
|---|---|---|---|--|---------------------|----------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo consec. | Tempor. |
| | | | conxugación. | | | 1º Trim. |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> LA1B3.5.3. Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes. | <ul style="list-style-type: none"> CCL | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> l d | <ul style="list-style-type: none"> B3.5. Flexión verbal. | <ul style="list-style-type: none"> B3.6. Analizar o funcionamento dos temas verbais latinos de presente e de perfecto, e recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir deles, tanto en voz activa como en voz pasiva. | <ul style="list-style-type: none"> LA1B3.6.1. Explica o uso dos temas verbais latinos, identificando correctamente as formas derivadas de cada un. LA1B3.6.2. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal. | <ul style="list-style-type: none"> CAA CCL | 50% | 1º Trim. |
| | <ul style="list-style-type: none"> B3.5. Flexión verbal. | <ul style="list-style-type: none"> B3.7. Diferenciar formas persoais e non persoais do verbo, e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha. | <ul style="list-style-type: none"> LA1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. | <ul style="list-style-type: none"> CAA CCL | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> e d p | <ul style="list-style-type: none"> B3.5. Flexión verbal. | <ul style="list-style-type: none"> B3.8. Traducir ao galego e ao castelán as formas verbais latinas, e comparar os sistemas verbais. | <ul style="list-style-type: none"> LA1B3.8.1. Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán. | <ul style="list-style-type: none"> CCL CAA | 50% | |
| Bloque 4. Sintaxe | | | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> i | <ul style="list-style-type: none"> B4.1. Elementos da oración. | <ul style="list-style-type: none"> B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración. | <ul style="list-style-type: none"> LA1B4.1.1. Analiza morfoloxicamente e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións que realizan na oración. | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL | 50% | 2º Trim. |
| <ul style="list-style-type: none"> e | <ul style="list-style-type: none"> B4.2. Casos latinos. | <ul style="list-style-type: none"> B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as principais funcións que realizan na oración e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente. | <ul style="list-style-type: none"> LA1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos. | <ul style="list-style-type: none"> CAA CCL | 50% | |

| Latín I. 1º de bacharelato | | | | | | |
|--|--|--|--|--|------------------------|----------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo consec. | Tempor. |
| ▪ g | ▪ B4.3. Concordancia. | ▪ B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán. | ▪ LA1B4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | ▪ CCL | 50% | 2º Trim. |
| ▪ d | ▪ B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas. | ▪ B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple. | ▪ LA1B4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características. | ▪ CMCCT ▪ CCL | 50% | |
| ▪ g | ▪ B4.5. Oración composta: coordinación e subordinación. | ▪ B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas. | ▪ LA1B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características. | ▪ CAA ▪ CCL | 50% | |
| ▪ e | ▪ B4.6. Construcións de infinitivo e de participio. | ▪ B4.6. Coñecer as funcións das formas non persoais nas oracións: infinitivo e participio. | ▪ LA1B4.6.1. Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso. | ▪ CAA ▪ CCL | 50% | |
| ▪ e | ▪ B4.6. Construcións de infinitivo e de participio. | ▪ B4.7. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes. | ▪ LA1B4.7.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con construcións análogas noutras linguas que coñece. | ▪ CCL | 50% | |
| Bloque 5. Roma: historia, cultura, arte e civilización | | | | | | |
| ▪ a ▪ i ▪ l ▪ g ▪ p | ▪ B5.1. Períodos da historia de Roma. | ▪ B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos. | ▪ LA1B5.1.1. Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a civilización romana, sinala períodos dentro del e identifica en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións ▪ LA1B5.1.2. Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. | ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCEC | 50% 50% | |

| Latín I. 1º de bacharelato | | | | | | |
|---|--|--|---|--|---------------------|----------|
| Objetivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo consec. | Tempor. |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.1.3. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, ponos en contexto e relacións con outras circunstancias contemporáneas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC | 50% | 2º Trim. |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.1.4. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan feitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT | 50% | |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.1.5. Describe os principais feitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina, e analiza a súa influencia no devir histórico posterior. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCL | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ a ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Romanización de Hispania e da Gallaecia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Coñecer os feitos históricos principais da romanización de Hispania e da Gallaecia, e realizar eixes cronolóxicos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.2.1. Explica a romanización de Hispania e da Gallaecia, describe as súas causas e delimita as súas fases. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEE | 50% | |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.2.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e da Gallaecia, e sinala a súa influencia na historia posterior. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ n ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Romanización de Hispania e da Gallaecia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Recoñecer as pegadas da romanización nos principais depósitos arqueolóxicos e museos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.3.1. Identifica e sinala nun mapa os restos arqueolóxicos máis salientables da romanización de Hispania e da Gallaecia, e descobre e relaciona as pezas arqueolóxicas romanas dos museos cos coñecementos adquiridos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCEC ▪ CD | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Organización política e social de Roma. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Coñecer a organización política e social de Roma e recoñecer o seu mantemento | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.4.1. Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC | 50% | |

| Latín I. 1º de bacharelato | | | | | | |
|---|---|---|--|---|---------------------|----------|
| Objetivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo consec. | Tempor. |
| | | actual. | político romano. | | | 2º Trim. |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> LA1B5.4.2. Describe a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais. | <ul style="list-style-type: none"> CSIEE CD CSC CCL | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> n | <ul style="list-style-type: none"> B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios. | <ul style="list-style-type: none"> B5.5. Coñeceros principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina. | <ul style="list-style-type: none"> LA1B5.5.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía e establece relacións entre os deuses. | <ul style="list-style-type: none"> CCEC CD | 50% | |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> LA1B5.5.2. Identifica deuses, semideuses e heroes dentro do imaxinario mítico, e explica os principais aspectos que diferencian uns dos outros. | <ul style="list-style-type: none"> CCEC CD CCL | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> n h p | <ul style="list-style-type: none"> B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios. | <ul style="list-style-type: none"> B5.6. Coñecer os deuses, os mitos, os heroes e as lendas latinas principais, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. | <ul style="list-style-type: none"> LA1B5.6.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos tratamentos, e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época. | <ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL CSC CSIEE | 50% | |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> LA1B5.6.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos e as lendas da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa, e valorando a súa influencia na arte e na literatura posterior a través de exemplos. | <ul style="list-style-type: none"> CAA CCEC CCL | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> n | <ul style="list-style-type: none"> B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos | <ul style="list-style-type: none"> B5.7. Coñecer e comparar coas actuais as | <ul style="list-style-type: none"> LA1B5.7.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos | <ul style="list-style-type: none"> CSC | 50% | |

| Latín I. 1º de bacharelato | | | | | | |
|----------------------------|--|--|--|--|---------------------|----------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo consec. | Tempor. |
| | funerarios. | características da relixiosidade e da relixión latinas, os cultos privados e os ritos funerarios. | cultos privados, explicando os trazos que lles son propios, e describe as principais características dos ritos funerarios romanos, distinguindo as semellanzas e as diferenzas que presentan cos de hoxe en día. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CCEC | | 2º Trim. |
| ▪ n | ▪ B5.5. Arte romana. | ▪ B5.8. Coñecer as características fundamentais da arte romana e describir algunhas das súas manifestacións máis importantes. | ▪ LA1B5.8.1. Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CD | 50% | |
| ▪ i ▪ d ▪ p | ▪ B5.6. Obras públicas e urbanismo. | ▪ B5.9. Identificar os trazos máis destacados das edificacións públicas e do urbanismo romano, e sinalar a súa presenza dentro do patrimonio histórico de España e Europa. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.9.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores. ▪ LA1B5.9.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a cronoloxía aproximada. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSC ▪ CMCCTC | 50% | |
| | | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA | 50% | |
| ▪ a | ▪ B5.7. O exército. | ▪ B5.10. Describir a estrutura e o funcionamento do exército romano, e distinguir as etapas na súa evolución. | ▪ LA1B5.10.1. Enumera os elementos que compoñen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á súa evolución ao longo dos períodos históricos | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT | 50% | |
| Bloque 6. Textos | | | | | | |
| ▪ e | ▪ B6.1. Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica. | ▪ B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva. | ▪ LA1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA | 50% | 3º Trim. |

| Latín I. 1º de bacharelato | | | | | | |
|--|--|--|--|--|---------------------|----------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo consec. | Tempor. |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL | 50% | 3º Trim. |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ i | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Utilizar correctamente manuais e dicionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B6.3.1. Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. ▪ B6.5. Lectura comparada e comentario de textos en lingua latina e lingua propia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e da estrutura de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA | 50% | |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ i | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Produción de pequenos textos en lingua latina. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ i | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Produción de pequenos textos en lingua latina. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL | 50% | |
| Bloque 7. Léxico | | | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B7.1.1. Deducer o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL | 50% | |

| Latín I. 1º de bacharelato | | | | | | |
|--|--|--|--|--|---------------------|----------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo consec. | Tempor. |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> LA1B7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia. | <ul style="list-style-type: none"> CD CCL | 50% | 3º Trim. |
| <ul style="list-style-type: none"> d p | <ul style="list-style-type: none"> B7.2. Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos. | <ul style="list-style-type: none"> B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta. | <ul style="list-style-type: none"> LA1B7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua. | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> d p | <ul style="list-style-type: none"> B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos. | <ul style="list-style-type: none"> B7.3. Establecer mediante mecanismos de inferencia as relacións existentes entre determinados étimos latinos e os derivados en linguas romances. | <ul style="list-style-type: none"> LAT1B7.3.1. Deducer o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos. | <ul style="list-style-type: none"> CAA CCL | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> e p | <ul style="list-style-type: none"> B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos. | <ul style="list-style-type: none"> B7.4. Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes. | <ul style="list-style-type: none"> LA1B7.4.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado. | <ul style="list-style-type: none"> CCL | 50% | |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> LA1B7.4.2. Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica. | <ul style="list-style-type: none"> CAA CD CCL | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> g e | <ul style="list-style-type: none"> B7.4. Locucións latinas de uso actual. | <ul style="list-style-type: none"> B7.5. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado. | <ul style="list-style-type: none"> LA1B7.5.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto adecuado cando se expresa na súa propia lingua. | <ul style="list-style-type: none"> CCL CCL | 50% | |

5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Plantexa-se unha avaliación continua desenvolvida en tres momentos distintos e complementarios:

Avaliación inicial

Ao comezo do curso, para determinar o grado de formación do alunado. Consistirá nunhas oracións en galego para que o alunado identifique as funcións que realizan as palabras suliñadas e nuns verbos para analizar .

Avaliación formativa

Ao final de cada tema ou de cada bloque de contidos o profesor recollerá datos sobre as capacidades desenvolvidas polo alunado para apreciar o grado de consecución dos obxectivos e poder realizar as correccións oportunas.

Avaliación sumativa

Trata de valorar ao final do proceso o grao de aprendizaxe alcanzado.

Instrumentos de avaliación

Estes son os instrumentos de avaliación previstos:

- Observación directa e sistemática do alunado no seu traballo individual diário. Estas notas de clase terán unha incidencia directa na nota de avaliación por ser o reflexo do grao de esforzo continuo do alunado. Axudarán a redondear cara arriba ou cara abaixo a nota acadada na avaliación.

- Probas obxectivas escritas que recollerán aspectos teóricos e prácticos como os seguintes:

- Análise e traducción á lingua materna de frases e textos latinos.
- Recoñecemento de categorías morfolóxicas.
- Manexo da flexión nominal, pronominal e verbal.
- Análise de elementos e estrutura de oracións.
- Recoñecemento de cultismos, palabras patrimoniais, elementos da formación de palabras.
- Cuestións concretas e desenvolvemento dun tema sobre cultura latina.

6. CRITÉRIOS DE CUALIFICACIÓN. Grao mínimo de consecución de cada estándar

Dende a proposta de primar o traballo diário sobre os exames tradicionais, como xa indicou no apartado anterior, a cualificación baseará-se na variedade e diferenciación das probas.

Así, a porcentaxe asignada aos diferentes instrumentos será a seguinte,

4. Conceptos (intercambios orais e probas específicas): 70%
 - a. Probas obxectivas: resolución de exercicios.
5. procedimentos: 30%
 - a. lectura de libros e textos clásicos
 - b. resolución de exercicios e problemas
 - c. traballos de investigación

A cualificación final obterá-se con arreglo ao seguinte criterio:

- 1ª avaliación: 30%
- 2ª avaliación: 30%
- 3ª avaliación: 40%

Paralelamente, buscará-se a realización dunha avaliación formativa ao final de cada unidade e trimestre, na que se poidan comprobar os avances conseguidos polo noso alumnado, pero non como un simple enxuízamento, non como constatación dos coñecementos adquiridos, senón a avaliación de todo un proceso, permitindo eliminar ou modificar aquelas partes do currículo intrascendentes ou máis dificultosas.

Da mesma maneira, potenciará-se a autoavaliación do alumnado en todos os aspectos da asignatura, por medio de fichas e entrevistas.

As conclusións permitirán valorar o traballo do alumnado, pero tamén a propia práctica docente, permitindo adoptar ou modificar estratexias que faciliten a aprendizaxe do alumnado. Neste sentido, fuximos de culpar ao alumno sempre dos malos resultados e as reunións de departamento han servir de reflexión sobre a propia actividade do profesor, introducindo cambios no currículo, na metodoloxía, tendo presente, tamén, a demanda do alumnado.

| | |
|---|---|
| <p>Grao mínimo de consecución de cada estándar</p> | <p>1.- MORFOLOXÍA NOMINAL E VERBAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As cinco declinacións (substantivos e adxectivos). - A conxugación regular (formas persoais en voz activa e pasiva). - Verbos irregulares (sum e compostos, volo e compostos) - Os graos do adxectivo. - O pronome relativo - Pronomes persoais, demostrativos, e indefinidos. - Os numerais. <p>2.- SINTAXE:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sintaxe básica dos casos. - Uso das preposicións máis frecuentes. - A oración simple (copulativas, activas e pasivas). - Uso da conxunción. - A oración composta (coordinadas e subordinadas adxectivas). <p>3.- LÉXICO:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento do vocabulario latino de uso máis frecuente. - Coñecemento, comprensión e uso de expresións latinas. <p>4.- TRADUCIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Interpretación e tradución de textos sinxelos sen axuda do dicionario. - Análise morfosintáctica dos textos propostos para traducir. <p>5.- HISTORIA E CIVILIZACIÓN:</p> |
|---|---|

| | |
|--|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> - A romanización de Hispania e Gallaecia. - Períodos máis importantes da historia de Roma dende as súas orixes. - Roma: política e sociedade. <p>6.- LITERATURA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Lectura de poemas ou pasaxes de obras de autores latinos traducidos ou adaptados |
|--|--|

| | |
|--------------------------------|--|
| Instrumentos avaliación | <ul style="list-style-type: none"> i. Notas de clase derivadas do traballo persoal encomendado para a casa e do realizado na clase. ii. Participación co departamento, respondendo a cuestións alí presentadas. iii. Traballos en grupo sobre cuestións relacionadas coa cultura e civilización latinas. iv. Traballos individuais derivados de actividades extraescolares. v. Probas obxectivas: levaranse a cabo ó fin de cada bloque de contidos e terán os seguintes apartados: <ul style="list-style-type: none"> 1. Exercicios relacionados cos contidos lingüísticos -separados en: morfoloxía nominal, verbal, pronominal, sintaxe e tradución. Suporá o 70% da cualificación da proba. Hai que ter en conta que o alumnado deberá obter en cada apartado da proba unha nota mínima de 5, xa que non se concibe no estudio das linguas que alguén domine, por exemplo, a morfoloxía nominal e descoñeza absolutamente a verbal. 2. Exercicios relacionados cos contidos de cultura e civilización. Suporán o 20% da cualificación da proba. 3. Exercicios de evolución de palabras dende o latín ás linguas románicas e latinismos. Suporá o 10% restante. |
|--------------------------------|--|

| | |
|--------------------------------|---|
| Criterios cualificación | <ul style="list-style-type: none"> 1. Comprender e ser capaz de traducir textos latinos breves e sinxelos, orixinais, adaptados ou elaborados, coa maior fidelidade posible. 2. Recoñecer en textos latinos sinxelos os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración, en función da comprensión do texto latino, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas, especialmente co galego e co castelán. 3. Ler e comentar textos traducidos ou adaptados de diversos autores latinos ou referentes ao mundo romano e distinguir aspectos históricos e culturais contidos neles. 4. Recoñecer no léxico do galego, do castelán e/ou doutras linguas faladas na Península palabras de orixe latina e analizar a súa evolución fonética, morfolóxica e semántica, así como deducir regras básicas de derivación e composición e comprender e empregar axeitadamente locucións latinas. 5. Identificar os aspectos máis importantes da historia do pobo romano e da súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual. 6. Planificar e realizar, seguindo as pautas do profesor, algún traballo de investigación sobre a presenza do mundo romano no contorno, consultando fontes diversas e utilizando as TIC como ferramenta de organización e comunicación dos resultados. 7. Comentar narracións didácticas, novelas históricas, bandas deseñadas ou películas documentais e de ficción relativas ao mundo romano. 8. Adquirir un pequeno vocabulario latino. 9. Interese pola nosa disciplina, atención ás explicacións, realización das tarefas encomendadas e participación activa nas actividades desenvolvidas na aula ou fóra dela. |
|--------------------------------|---|

7. METODOLOXÍA

Aplicará-se unha metodoloxía activa, que esixirá a constante participación do alunado na clase co fin de lograr a consecución dos diferentes contidos propostos.

Dende a posición da aprendizaxe significativa, propomos tres fases:

- O coñecemento previo do alumno
- A incorporación de novos contidos, na que o novo contido se relaciona con outros contidos e estes se amplían, revisan e reorganizan. O axente que permite este proceso é memoria comprensiva.
- Na terceira fase, reconstrúen-se os contidos recuperados pola memoria comprensiva, e incorporan-se a un sistema de relacións.

En moitos momentos será necesario diferenciar actividades por grupos ou adaptar a dificultade dunha actividade dada. Igualmente, xa que o galego procede do latín, con notable presenza do grego, e que o alunado coñece unha ou dúas linguas máis, é importante a idea da contrastación. O contraste e as diferencias e similitudes entre o galego e o latín favorecerán unha aprendizaxe firme de ambas as dúas linguas.

Teremos en conta os seguintes postulados básicos na nosa metodoloxía: carácter integral, carácter gradual, motivación, avaliación formativa e tratamento dos erros.

Carácter integral

A materia non é un conglomerado de compartimentos estancos. Hai que defender a necesidade dunha relación importante entre lingua e cultura, en todas as partes. E ao planificar os contidos por unidades didácticas e bloques temáticos, fai-se con este criterio, buscando que o alumno atope esa interrelación.

Carácter gradual

Os contidos selecciónan-se e gradúan-se segundo criterios específicos e razoados.

Motivación

A realidade do noso alunado de Secundaria, a mala fama dos nosos estudos, obríganos a un esforzo de motivación. Sin trivializar os contidos, senón arriquecendo os mecanismos de interacción na clase e aplicando procedementos significativos, o profesor non debe monopolizar a acción educativa, máis ben, máis socrático, a fonte do saber non está na memoria senón no diálogo entre preguntas e respostas. É preferible a aprendizaxe inductiva, permitir o erro, recorrer a referencias actuais, ofrecer axuda contextual, provocar a curiosidade. E a motivación supón un reforzo da autoestima, unha mellora do autoconcepto e unha boa interacción na clase.

Avaliación formativa e tratamento dos erros

É importante facer uso da avaliación formativa, que nos facilitará información cualitativa sobre o proceso educativo, tanto dende o punto de vista do alumno e da súa diversidade, coma do profesor e da adaptación da súa ensinanza ás necesidades da aula. Non é xusto dicir-lle ao alumno que os seus coñecementos e ignorancia están en tal nota numérica e que a solución é que estude máis. Hai que ter en conta que se aprende cos erros e dos erros.

Os datos máis importantes poden ser proporcionados polas probas escritas, aínda que a práctica diaria é necesaria para detectar deficiencias e a organización da axuda.

Aínda que se poden ter en conta numerosos criterios, todos nos poden axudar a diagnosticar a verdadeira situación na aprendizaxe de cada alumno e a tentar mellorala. Os erros poden afectar en maior ou menor medida á consecución dos obxectivos, entendidos como capacidades, e debemos distinguir entre erros propiamente ditos e descoidos, sin buscar a perfección, e sin esquecer que os erros poden estar provocados por defectos na ensinanza.

Sin necesidade de ser exhaustivos na análise dos erros, é convinte facé-lo en determinados momentos, procurando unha interpretación deductiva dos datos á vez que unha visión avaliativa global. Entre sos mecanismos de superación das deficiencias detectadas convén potenciar a autocorrección, en consoanza co principio de autonomía da aprendizaxe.

En resumo, o sistema a seguir en cada unidade será o seguinte:

- avaliación inicial, co fin de partir de conceptos xa coñecidos
- momento de investigación, na medida do posible, na que o alunado construe o seu propio coñecemento.
- Explicación do profesor, utilizando esquemas en soporte de transpaencias, vídeo, canón ou encerado.
- Realización de exercicios, de forma colectiva, en grupos ou individualmente
- Avaliación do alumnado e do profesor, sempre ao final de cada unidade, trimestre e curso, de onde emanen as posibles adecuacións da programación.

8. RECURSOS DIDÁCTICOS

O alunado utilizará ao longo do curso os seguintes recursos didácticos:

- Textos latinos dos autores máis diversos.
- Vídeos informativos e películas.
- Mapas xeográficos e históricos.
- Libros de consulta e de lectura da biblioteca.
- Artigos de revistas especializadas sobre temas de interese para o desenvolvemento da asignatura.
- Debates e postas en común.
- Recursos informáticos
- Libro de texto
- Dicionarios

9. PROBAS EXTRAORDINÁRIAS DE SETEMBRO

O alumnado que non acadase os mínimos esixidos nos criterios de cualificación na convocatoria de xuño poderá presentar-se á proba extraordinaria de setembro recollerá cuestións referentes aos distintos apartados sinalados nos estándares de aprendizaxe.

Esta proba constará de 10 cuestións:

-4 teórico/prácticas de morfoloxía nominal e verbal -declinar, conxugar...-2 preguntas sobre historia e institucións -4 frases para analizar e traducir.

Cada cuestión valorará-se con 1 punto.

10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Serán, basicamente, o progreso (ou falta del) que se aprécie nos procedimentos empregados conforme avance o curso, e que serán convenientemente avaliados polo profesor a través de:

- exercicios propostos na aula.
- exames realizados en cada trimestre.

Indicadores do proceso de ensino

| | Escala | | | |
|---|--------|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 2. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alunado | | | | |
| 2. Conseguiu-se crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe | | | | |
| 3. Conseguiu-se motivar para lograr a actividade intelectual e física do alunado | | | | |
| 4. Conseguiu-se a participación activa de todo o alunado | | | | |
| 5. contou-se co apoio e coa implicación das familias no traballo do alunado | | | | |
| 6. Mantivo-se un contacto periódico coa familia por parte do profesorado | | | | |
| 7. Adotaron-se as medidas curriculares adecuadas para atender o alunado con NEAE | | | | |
| 8. Adotaron-se as medidas organizativas adecuadas para atender o alunado con NEAE | | | | |
| 9. atendeu-se adecuadamente á diversidade do alunado | | | | |
| 10. usaron-se distintos instrumentos de avaliación | | | | |
| 11. Da-se un peso real á observación do traballo na aula | | | | |
| 12. valorou-se adecuadamente o traballo colaborativo do alunado dentro do grupo | | | | |

Indicadores de logro da práctica docente

| | Escala | | | |
|---|--------|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fan-se explicacións xerais para todo o alunado | | | | |
| 2. Ofrece-se a cada aluno/a a explicación individualizada que precisa | | | | |
| 3. Elaboran-se actividades atendendo á diversidade | | | | |
| 4. elaboran-se probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alunado con NEAE | | | | |
| 5. Utilizan-se distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar | | | | |
| 6. Combina-se o traballo individual e en equipa | | | | |
| 7. Potencian-se estratexias de animación á lectura | | | | |
| 8. Potencian-se estratexias tanto de expresión coma de comprensión oral e escrita | | | | |
| 9. Incorporan-se as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe | | | | |
| 10. presta-se atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar | | | | |
| 11. Oferecen-se ao alunado de forma rápida os resultados de traballos, probas.. | | | | |
| 12. analizan-se e comentan-se co alunado os aspectos máis significativos derivados da corrección de probas, traballos.. | | | | |
| 13. Da-selle ao alunado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos/erros | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas función de tutoría e orientación | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzó.. están claramente vinculadas aos estándares | | | | |
| 17. Avalia-se a eficacia dos programas de apoio, reforzó, recuperación, ampliación | | | | |

11. PROCEDIMIENTO PARA ACREDITAR COÑECIMIENTOS PRÉVIOS

Realizará-se ao comezo do curso, para determinar o grao de formación do alunado. Consistirá nunhas oracións en galego para que o alunado identifique as funcións que realizan as palabras suliñadas e nuns verbos para analizar.

Si, tras facé-la, se detectase eivas importantes nalgún alumno/a, poñería-se en marcha unha estratexia de atención personalizada, previa consulta co Departamento de Orientación. Si os problemas fosen de orde colectivo, reservaría-se un pequeno espazo de cada sesión a afirmar os coñecimentos que fosen oportunos.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para o alumnado que presenta problemas na asimilación dos diversos contidos prepararán-se exercicios de dificultade graduada para os temas lingüísticos e léxicos; nos temas culturais axudará-selles con esquemas feitos coa supervisión do profesor.

En caso necesario, farían se adaptacións curriculares.

Como norma xeral, ofrecerá-se un apoio extra ao alunado que así o desexe durante os recreos, para consultar calquera dúbida relacionada coa materia, así coma para propor-lles outro tipo de exercicios que lles faciliten a adquisición dos contidos mínimos do curso .

Pola contra, o alumnado que teña máis capacidade e rapidez que os restantes do grupo poderá realizar exercicios de tradución extra mentres os demais rematan o traballo proposto para a sesión de clase.

13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O currículo oficial reconece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Debe ser suficientemente flexible para recoller as novas necesidades formativas características dunha sociedade plural en permanente cambio. Polo tanto, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das materias, o atravesan e o impregnan. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas transversais.

A LOMCE, no artigo 24.6 establece que, sen prexuízo do seu tratamento educativo específico nalgunhas das materias de etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional se traballarán en todas as materias.

Para o traballo da Comprensión lectora empregaremos os textos de autores clásicos e o dicionario como a ferramenta máis axeitado ao perfil da nosa materia. Proporá-se ao alumnado unha actividade lectora que terá carácter obrigatorio.

Para a Expresión oral e escrita intentarase que o alumnado sexa quen de expresar de forma escrita e oral os distintos temas de realia.

A Comunicación Audiovisual atopará o seu encaixe na presentación de traballos en diferentes suportes.

En canto ás TIC, fomentaremos a autonomía e a colaboración na busca de información a través da Internet, o emprego de materiais interactivos e outros recursos dispoñibles na rede no proceso de ensino-aprendizaxe e o emprego do soporte informático na elaboración e presentación dos traballos.

A Capacidade para o Emprendemento pode ver-se enriquecida co emprego de instrumentos coma os traballos e os proxectos, onde xurdirá a necesidade de toma de decisións, de ter iniciativas e de propor solucións creativas ás propostas formuladas.

A convivencia na aula e os traballos en equipo, favorecerán a Educación Cívica e constitucional.

Ademais, intentaremos introducir tódolos contidos comúns-transversais no desenvolvemento das competencias clave, nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación, orientando-os cara a unhas actitudes concretas:

-Fomentar a tolerancia intelectual para aceptar e estar abertos a outras opinións, interpretacións e puntos de vista diferentes dos propios.

-Propugnar unha actitude de rexeitamento ante mensaxes que denotan unha discriminación sexual, racial, social etc.

-Difundir a análise de materiais impresos e audiovisuais como unha forma de comprender, integrar e relacionar os recursos verbais e visuais que empregan.

-Fomentar o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para mellorar a cultura visual e para expresar, de forma persoal e creativa, vivencias e emocións.

-Aprender a disfrutar do tempo de lecer dun xeito persoal e enriquecedor.

-Convidar á utilización creativa de recursos materiais variados do entorno, tanto convencionais como non convencionais.

15. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Dependendo do número de alumnado e da dotación económica poderán proporse as seguintes actividades:

-Visita á cidade de Lugo: inclúe recorrido da muralla, museo arqueolóxico provincial, nacemento do río Miño e castro de Viladonga. (segundo trimestre)

-Visita de tres días, a Conimbriga: inclúe a visita á Citânia de Briteiros, Guimarães, Porto e Coimbra. (terceiro trimestre).

Na preparación desta actividades terásese especialmente en conta a interdisciplinabilidade, de maneira que se implique o maior número posible de Departamentos.

Así mesmo, considerase que a realización destas actividades, alén do fomento da convivencia, é o máis adecuado para traballar contidos transversais como: respecto pola diversidade, social, lingüística, relixiosa ou de sexo, respecto polo patrimonio cultural que nos foi legado desde a antigüidade....

Na realización destas actividades distinguimos 4 partes:

5. Fase de preparación: realízase na aula, no período dunha ou dúas semanas antes da saída. Consistirá na recollida exhaustiva de información sobre os lugares a visitar por diferentes medios: folletos, vídeos, biblioteca, internete, charlas...
6. Fase de realización da saída: cada alumno/a irá provisto dun caderno de viaxe no que recollerá a información “in situ”, que poderá completar con reportaxes fotográficas ou dos soportes que considere procedente. Nuns casos a información a recoller será guiada, noutros será o propio alumno o que debe discernir o que debe recoller.
7. Fase de realización do traballo: á volta, nuns casos de forma individual, noutros en grupos, deberán facer un traballo no que se recolla a visita realizada. Procuraráse ir alternando o formato do traballo en cada saída, e valoraráse a presentación en formatos alternativos. Para iso, procuraráse que poidan dedicar algunhas clases á realización do mesmo, que poidan dispor dos recursos informáticos do centro.
8. Fase de avaliación: o profesorado implicado na saída realizará a avaliación do traballo presentado, tendo en conta o interese amosado durante a visita e a implicación na preparación da mesma. O alumnado realizará unha autoavaliación dos mesmos aspectos.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

O departamento de Latín considera que a porcentaxe de alumnos/as que acaden avaliación positiva debe ser superior ao 70% en cada avaliación, excluindo desta porcentaxe ao alunado que non obteña avaliación positiva por non ter asistido as probas escritas ou non ter realizado as tarefas avaliáveis. De non acadar-se esta porcentaxe, propón-se a seguinte ferramenta como mecanismo de revisión trimestral da programación didáctica e poder así modificá-la para tratar de corrixir a desviación con respecto ao obxectivo marcado no seguinte trimestre

| ASPECTOS PARA AVALIAR | PARA DESTACAR... | PARA MELLORAR... | PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL |
|--|------------------|------------------|------------------------------|
| Temporalización das unidades didácticas | | | |
| Desenvolvemento dos obxectivos didácticos | | | |
| Manexo dos contidos da unidade | | | |
| Descritores e desempeños competénciais Realización de tarefas | | | |
| Estratéxias metodolóxicas seleccionadas Recursos | | | |
| | | | |
| Claridade nos criterios de avaliación | | | |
| Uso de diversas ferramentas de avaliación | | | |
| Atención á diversidade | | | |

2º BACHARELATO

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O Departamento é unipersoal, estará composto pola profesora María José Canal Bouzas, que ostentará a Xefatura de Departamento, e terá ao seu cargo a totalidade das materias encomendadas ao Departamento:

| | Curso | Matéria | Grupos | Horas |
|--------|---------|----------|--------|-------|
| Diurno | 4º ESO | Latin | 1 | 3 |
| | 1º BACH | Latin I | 1 | 4 |
| | 2º BACH | Latin II | 1 | 4 |

2. CONTRIBUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES AO DESENVOLVIMENTO DAS COMPETÊNCIAS CLAVE

Competencia en comunicación lingüística: A pesar de non ser unha lingua falada na actualidade, o latín está na base das linguas cooficiais en Galicia, así como na do catalán (outra lingua española) e na do portugués (irmá do galego) e o francés (habitualmente a 2ª lingua estranxeira cursada no noso Centro). Por iso, o coñecemento do léxico latino, do seu sistema morfosintáctico e dos mecanismos que marcaron a súa evolución cara o romance, contribúen de xeito decisivo á afirmación das habilidades lingüísticas que posúan e prepara-os para a adquisición doutras novas, cáseque que en calquera lingua que se propoñan.

Competencias sociais e cívicas: O coñecemento da sociedade e formas de goberno dos antigos romanos fornece-os dunha base moi axeitada para comprender os sistemas organizativos dos Estados actuais, en tanto que, coa lóxica evolución a través do tempo, continúan a sistematización administrativa que Roma produciu, sobre todo no que atinxe á Europa unida.

Competencia da conciencia e expresións culturais: O patrimonio arqueolóxico e o recoñecemento de todas aquelas conductas actuais que, dunha ou outra maneira, proceden da antiga Roma, contribuirán a que o alunado valore a perdurabilidade deses elementos da arte e a cultura romanas na nosa vida actual e as posibles razóns que motivaron esa persistencia a través do tempo.

Competencia dixital: Hoxe en día é inexcusable o emprego das fontes de información dixitais para adquirir unha formación sólida e continuada. De seguro, o alunado está en contacto desde moi novo con esta realidade, pero moitas veces non empregan con habilidade este recurso. Desde esta materia, como desde as do resto do currículo, contribuiremos a afirmar nos estudantes o modo eficaz de empregar a internet e as aplicacións informáticas máis comúns para que poidan tirar o maior partido delas, seleccionando e asimilando a información máis pertinente en cada momento.

Competencia de aprender a aprender: A toma de contacto cos alicerces das nosas linguas e do bloque cultural dominante na nosa vida facilitará ao alunado a relación cos coñecementos propios das outras áreas do currículo: a materia de Latín pode servir como

un pozo no que se poden recoller elementos de engarce para o que aprendan en materias lingüísticas, sociais (Historia, p. ex.), e mesmo científicas (pensemos na Táboa Periódica química, p. ex.). O mellor xeito de aprender a aprender é captar os puntos de contacto entre os diferentes campos do saber humano.

Competencia de autonomía e iniciativa persoal: Pretendemos que o alumnado tente resolver por si mesmo a tradución pero, cando a dificultade desta lle faga non poder resolvé-la, axudaremos-lle a facé-la, facendo-lle ver os erros que comete na análise ou nos significados que colleu para as palabras.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

De acordo coa lexislación vixente, incluímos os **obxectivos xerais para o Bacharelato:**

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alunado as capacidades que lles permitan:

- c) Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galiza, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- d) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- j) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- k) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- l) Expresar-se con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- m) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- n) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- o) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

- o) Comprender os elementos e os procedimentos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- p) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- q) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galiza, e contribuir a súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Por outra banda, estes son os obxectivos específicos da materia de Latín :

- 29. Familiarizar ao alumnado coa idea da reconstrución lingüística, amosando como é posible e lícito remontar-se cara linguas descoñecidas e prehistóricas a través dos idiomas que temos documentados.
- 30. Afondar na idea, xa coñecida polo alumnado, do latín coma orixe da maioría das linguas que se falan no occidente europeo, particularmente o galego, o castelán e os outros idiomas romances da Península Ibérica, e aclarar así o concepto do latín como "lingua morta", relativizando os chamados "estados definitivos" das linguas actuais. Por outra banda, destacarase a condición do latín como vehículo de difusión da lingua e da cultura practicamente ata o século pasado.
- 31. Comprender os mecanismos que rexen a evolución fonética, para poder recoñecer con seguridade e regularidade as bases dun grande número de palabras romances actuais.
- 32. Familiarizar ao alumnado cos espazos e edificios máis importantes da antiga Roma.
- 33. Conseguir que o alumnado sexa consciente de que o alfabeto latino non é o único sistema de escrita que existe, por máis que sexa o máis estendido e eles o consideren como o medio máis natural de transcribir unha mensaxe oral. De xeito máis secundario, iniciar ao alumnado na distinción entre grafía e son: cumprir facer-lle ver que a lingua escrita é subsidiaria da oral, aínda que se produzan múltiples interferencias. Finalmente, aprender os signos do alfabeto latino, e tamén a prosodia.
- 34. Expor e introducir ao alumnado no concepto funcional do que é un caso, coa súa dobre vertente, morfolóxica e sintáctica. De seguido, artellar a explicación do concepto de caso coa existencia das declinacións, como paradigmas nos que os nomes (substantivos e adxectivos) se agrupan para formar determinados conxuntos que funcionan de xeito idéntico máis a súa (aparente) diferenza formal. A partir de aí, diferenciar entre flexión nominal (sustantivos e adxectivos) e pronominal, aprendendo-

as progresivamente ao longo do curso, de acordo coa temporalización que se indica máis abaixo.

35. Acadar unha comprensión, por comparación coas nosas línguas, da estrutura e funcionamento do verbo latino, acollendo-nos ao concepto de conxugación. Ao longo do curso irán-se debullando os diversos tempos, modos e voces, prestando especial atención ás semellanzas co galego e o castelán, que, sen dúbida, facilitarán a aprendizaxe. Contra o final do curso introducirán-se as formas nominais do verbo, de moita importancia nos textos que se traballarán na materia de Latín II (2º BAC).
36. Asimilar a estrutura da cláusula simple latina (cun só verbo), nas súas diversas formas, con especial atención ao feito da concordancia, básico na coherencia sintáctica, igual que sucede en galego e castelán.
37. Entender e saber interpretar as cláusulas complexas latinas (con máis dun verbo), examinando detidamente os seus tipos, que coinciden, no fundamental, co que acontece nas nosas línguas. Así, comezaremos pola coordinación e a subordinación, tal e como se entenden nas gramáticas tradicionais, e contrastaremos eses conceptos con outras visións (mais sen complicar demasiado a explicación).
38. Apresentar a Historia de Roma, coa clásica triple subdivisión entre Monarquía, República e Império. Ao mesmo tempo, facer-lle comprender ao alunado a subxectividade de todo relato histórico.
39. Achegar ao alunado certas expresións do latín cotián, facendo-lle ver que o latín que estudiamos, a parte de ser unha lingua literaria, tamén foi unha lingua falada e, como tal, posuía expresións cotiás paralelas e, nalgún caso, moi semellantes, ás que usamos hoxe en día: veremos fórmulas de saúdo e despedida, formas de afirmar, negar e perguntar, diversos campos léxicos, e remataremos cunha escolma de *graffiti* pompeianos, insistindo na enorme importancia que teñen para podermo-nos achegar á realidade cotiá da lingua, do mesmo xeito que fan as pintadas actuais.
40. Acadar do alunado a comprensión do concepto de *utilitas*, vertebrador de toda a literatura romana: só merece poñer-se por escrito (en *littera*) aquilo que se considera proveitoso conservar, sobre todo nun senso práctico, mellor que na busca do mero pracer estético. A partir deste concepto, presentarán-se exemplos destes xéneros literarios: Historiografía, Poesía Épica, Poesía Lírica e Comedia.
41. Espertar a conciencia do alunado cara o mundo que o rodea mediante a presentación das formas de goberno e as clases sociais que Roma albergou e a súa comparación coas actuais; queremos que o alunado contraste a Antigüidade co momento presente e destaque que elementos conservamos e cales desbotamos, atribuindo ademais valores positivos ou negativos.
42. Recapitular e establecer conclusións teóricas sobre o traballo de etimoloxía que se fará ao longo do curso sobre o vocabulario que se verá a propósito do traballo de tradución de secuencias.

4. DESENVOLVEMENTO DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, MÍNIMO PARA SUPERAR A MATÉRIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

| Latín II. 2º de bacharelato | | | | | | |
|---|--|---|--|---|-------------------|----------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo cons. | Tempor. |
| Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances | | | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC | 50% | 1º Trim. |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ g ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Coñecer e aplicar as regras da evolución fonética e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino. ▪ LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CCEC | 50% | |
| Bloque 2. Morfoloxía | | | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ i | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Coñecer as categorías gramaticais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL | 50% | |

| Latín II. 2º de bacharelato | | | | | | |
|-----------------------------|---|---|--|------------------------|-------------------|----------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo cons. | Tempor. |
| ▪ I ▪ d | ▪ B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. | ▪ B2.4. Identificar, declinar e traducir todas as formas nominais e pronominais. | ▪ LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán. | ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA | 50% | 1º Trim. |
| | | | ▪ LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. | ▪ CCL ▪ CAA | 50% | |
| ▪ I ▪ d | ▪ B2.2. Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino. Conxugación perifrástica. | ▪ B2.5. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais. | ▪ LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán | ▪ CD ▪ CAA ▪ CCL | 50% | |
| | | | ▪ LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. | ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD | 50% | |
| Bloque 3. Sintaxe | | | | | | |
| ▪ e | ▪ B3.1. Estudo pomenorizado da sintaxe nominal e pronominal. | ▪ B3.1. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de textos latinos. | ▪ LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución. | ▪ CCL ▪ CAA | 50% | |
| ▪ e | ▪ B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas. | ▪ B3.2. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas. | ▪ LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza. | ▪ CCL ▪ CAA | 50% | |
| ▪ e ▪ p | ▪ B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas. | ▪ B3.3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos latinos. | ▪ LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaas para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán. | ▪ CCL ▪ CAA | 50% | |
| ▪ d | ▪ B3.3. Oración composta: coordinación e | ▪ B3.4. Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas | ▪ LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos | ▪ CAA | 50% | |

| Latín II. 2º de bacharelato | | | | | | |
|--|--|--|--|---|-------------------|----------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo cons. | Tempor. |
| | subordinación. | coordinadas e subordinadas. | textos e reconece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan. | <ul style="list-style-type: none"> CCL | | 1º Trim. |
| <ul style="list-style-type: none"> e | <ul style="list-style-type: none"> B3.4. Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino. | <ul style="list-style-type: none"> B3.5. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino. | <ul style="list-style-type: none"> LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. | <ul style="list-style-type: none"> CCL CAA | 50% | |
| Bloque 4. Literatura latina | | | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> h | <ul style="list-style-type: none"> B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. | <ul style="list-style-type: none"> B4.1. Enumerar os principais factores da transmisión da literatura latina ao longo dos períodos históricos, e describir os soportes da escritura na Antigüidade e a súa evolución. | <ul style="list-style-type: none"> LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo. | <ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT CCEC | 50% | 2º Trim. |
| <ul style="list-style-type: none"> n | <ul style="list-style-type: none"> B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. | <ul style="list-style-type: none"> B4.2. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior. | <ul style="list-style-type: none"> LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos. | <ul style="list-style-type: none"> CAA CCL CCEC | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> i g | <ul style="list-style-type: none"> B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. | <ul style="list-style-type: none"> B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base literaria da literatura e da cultura europea e occidental. | <ul style="list-style-type: none"> LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina. | <ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCEC | 50% | |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas. | <ul style="list-style-type: none"> CD CCL | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> d | <ul style="list-style-type: none"> B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. | <ul style="list-style-type: none"> B4.4. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características e estrutura, se a extensión da pasaxe o permite. | <ul style="list-style-type: none"> LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúalos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen. | <ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCEC | 50% | |

| Latín II. 2º de bacharelato | | | | | | |
|---|--|---|--|---|-------------------|----------|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo cons. | Tempor. |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ n ▪ h ▪ p | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL | 50% | 2º Trim. |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL | 50% | |
| Bloque 5. Textos | | | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA | 50% | 3º Trim. |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que proporciona e procurar o termo máis acaído na lingua propia para a tradución do texto. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CCL | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos de autores latinos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL | 50% | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL | 50% | |

| Latín II. 2º de bacharelato | | | | | | | |
|-----------------------------|--|---|--|---|-------------------|----------|--|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo cons. | Tempor. | |
| ▪ h | ▪ B5.4. Identificación das características formais dos textos. | ▪ B5.5. Identificar as características formais dos textos. | ▪ LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. | ▪ CCL ▪ CCEC | 50% | 3º Trim. | |
| Bloque 6. Léxico | | | | | | | |
| ▪ e ▪ p | ▪ B6.1. Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico. | ▪ B6.1. Coñecer, identificar e traducir termos latinos pertencentes ao vocabulario especializado: léxico literario, científico e filosófico. | ▪ LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán. | ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD | 50% | | |
| ▪ d ▪ g ▪ p | ▪ B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua. | ▪ B6.2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes. | ▪ LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza. | ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD | 50% | | |
| | | | ▪ LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán. | ▪ CD ▪ CCL | 50% | | |
| ▪ h | ▪ B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria. | ▪ B6.3. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregarlas nun contexto axeitado. | ▪ LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica. | ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CCEC ▪ CCL | 50% | | |
| ▪ d ▪ p | ▪ B6.4. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega. | ▪ B6.4. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos e gregos. | ▪ LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. | ▪ CCL ▪ CCEC | 50% | | |

5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Plantexa-se unha avaliación continua desenvolvida en tres momentos distintos e complementarios:

Avaliación inicial

Ao comezo do curso, para determinar o grado de formación do alunado. Consistirá nunhas oracións en galego para que o alunado identifique as funcións que realizan as palabras suliñadas e nuns verbos para analizar, e unhas cuestións de morfoloxía nominal e verbal do que xa se deu en primeiro.

Avaliación formativa

Ao final de cada tema ou de cada bloque de contidos o profesor recollerá datos sobre as capacidades desenvolvidas polo alunado para apreciar o grado de consecución dos obxectivos e poder realizar as correccións oportunas.

Avaliación sumativa

Trata de valorar ao final do proceso o grao de aprendizaxe alcanzado.

Instrumentos de avaliación

Estes son os instrumentos de avaliación previstos:

• Observación directa e sistemática do alunado no seu traballo individual diario. Estas notas de clase terán unha incidencia directa na nota de avaliación por ser o reflexo do grao de esforzo continuo do alunado. Axudarán a redondear cara arriba ou cara abaixo a nota acadada na avaliación.

• Probas obxectivas escritas que recollerán aspectos teóricos e prácticos como os seguintes:

- Análise e traducción á lingua materna de frases e textos latinos.
- Recoñecemento de categorías morfolóxicas.
- Manexo da flexión nominal, pronominal e verbal.
- Análise de elementos e estrutura de oracións.
- Recoñecemento de cultismos, palabras patrimoniais, elementos da formación de palabras.
- Cuestións concretas e desenvolvemento dun tema sobre cultura latina.

6. CRITÉRIOS DE CUALIFICACIÓN. Grao mínimo de consecución de cada estándar

Dende a proposta de primar o traballo diário sobre os exames tradicionais, como xa indicou no apartado anterior, a cualificación baseará-se na variedade e diferenciación das probas.

Así, a porcentaxe asignada aos diferentes instrumentos será a seguinte,

7. Conceptos (intercambios orais e probas específicas): 80%
 - a. Probas obxectivas: resolución de exercicios.
8. procedimentos: 20%
 - a. lectura de libros e textos clásicos
 - b. resolución de exercicios e problemas
 - c. traballos de investigación
 - d. actitude

A cualificación final obterá-se con arreglo ao seguinte criterio:

- 1ª avaliación: 30%
- 2ª avaliación: 30%
- 3ª avaliación: 40%

Paralelamente, buscará-se a realización dunha avaliación formativa ao final de cada unidade e trimestre, na que se poidan comprobar os avances conseguidos polo noso alumnado, pero non como un simple enxuzamento, non como constatación dos coñecementos adquiridos, senón a avaliación de todo un proceso, permitindo eliminar ou modificar aquelas partes do currículo intrscendentes ou máis dificultosas.

Da mesma maneira, potenciará-se a autoavaliación do alumnado en todos os aspectos da asignatura, por médio de fichas e entrevistas.

As conclusións permitirán valorar o traballo do alumnado, pero tamén a propia práctica docente, permitindo adoptar ou modificar estratexias que faciliten a aprendizaxe do alumnado. Neste sentido, fuximos de culpar ao alumno sempre dos malos resultados e as reunións de departamento han servir de reflexión sobre a propia actividade do profesor, introducindo cambios no currículo, na metodoloxía, tendo presente, tamén, a demanda do alumnado.

| | |
|--|---|
| Grao mínimo de consecución de cada estándar | <p>MORFOLOXÍA:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Declinación de substantivos e adxectivos regulares e irregulares de todas as declinacións. Formas menos usuais. Graos do adxectivo. 75% 2.- O sistema pronominal: pronomes persoais, demostrativos, relativos, indefinidos, interrogativos. Os numerais.75% 3.- Conxugación regular e irregular: sum e compostos, volo e compostos, eo, fero, fio. Verbos defectivos e impersoais. Verbos depoñentes e semidepoñentes. Formas nominais do verbo. A conxugación perifrástica.75% 4.- Adverbios, preposicións e conxuncións.75% <p>SINTAXE:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Sintaxe casual: funcións principais dos casos latinos.75% 8.- A oración simple (activa, pasiva, copulativa).75% 9.- A oración composta: oracións coordinadas.75% 10.- A oración composta: oracións subordinadas (substantivas, adxectivas e adverbiais).75% 11.- Sintaxe das formas nominais do verbo: oracións completivas de infinitivo. O participio absoluto e concertado. O xerundio e o xerundivo. 50% 12- Sintaxe da conxugación perifrástica. 25% <p>LITERATURA LATINA:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- A literatura latina: xéneros literarios e transmisión. 50% <p>LÉXICO:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Manexo e uso axeitado do dicionario latino.75% 2.- Recoñecemento, comprensión e uso dunhas duascenas locucións latinas (as indicadas pola CIUG para a proba de Selectividade).50% |
|--|---|

| | |
|--|---|
| | 4.- Relación da toponimia galega coa súa orixe latina 50% |
|--|---|

| | |
|--------------------------------|---|
| Instrumentos avaliación | <p>A. Notas de clase derivadas do traballo persoal encomendado para a casa e do realizado na clase.</p> <p>B. Probas obxectivas: levaranse a cabo ó fin de cada bloque de contidos e terán os seguintes apartados:</p> <p>a) Exercicios relacionados cos contidos lingüísticos e a tradución e interpretación dos textos. Suporá o 70% da cualificación da proba.</p> <p>b) Exercicios relacionados cos contidos de cultura e civilización. Suporán o 30% da cualificación da proba</p> |
|--------------------------------|---|

| | |
|--------------------------------|---|
| Criterios cualificación | <p>a.- Identificar e analizar en textos latinos de complexidade progresiva e orixinais os elementos da morfoloxía regular e irregular e da sintaxe da oración simple e composta.</p> <p>b.- Traducir textos latinos de complexidade progresiva e orixinais de contidos e xéneros literarios diferentes.</p> <p>c.- Ampliar o coñecemento da sintaxe casual.</p> <p>d.- Identificar os principais xéneros literarios latinos e coñecer as obras e autores máis representativos.</p> <p>e.- Recoñecer e traducir aspectos da morfoloxía e da sintaxe latinas especialmente complexos (formas nominais do verbo, sintaxe do participio latino, conjugación perifrástica, valores de ut e cum, etc.)</p> <p>f.- Adquirir, mediante a práctica da tradución, a comprensión de locucións latinas e a comparación do léxico latino co das outras linguas que coñezan os alumnos, un vocabulario latino amplo que lle permita unha progresiva independencia do dicionario e que redunde na ampliación do léxico das propias linguas e na súa competencia nelas.</p> <p>g.- Acceder á información que pode proporcionar o dicionario latino mediante a interpretación correcta dos seus signos, abreviaturas, entradas, exemplos, etc. de xeito que o alumno faga uso del razoada e razoablemente.</p> <p>h.- Coñecer a orixe latina da toponimia galega.</p> <p>i.- Planificar e realizar pequenos traballos monográficos manexando fontes de diversos tipos.</p> |
|--------------------------------|---|

| | |
|--|---|
| | SISTEMA DE CUALIFICACIÓN. |
| NOTAS DE CLASE -Traballo diario -Comportamento e actitude | -Media das cualificacións obtidas nas probas periódicas, preguntas diarias, traballo persoal en casa e na clase. - 10% da nota total |
| NOTA DO EXAME FINAL DE CADA TRIMESTRE | - 90% da nota total. - No exame indicárase a valoración de cada apartado. |
| RECUPERACIÓNS. | - Cada exame servirá de recuperación ó anterior. |

7. METODOLOXÍA

Aplicará-se unha metodoloxía activa, que esixirá a constante participación do alumnado na clase co fin de lograr a consecución dos diferentes contidos propostos.

Dende a posición da aprendizaxe significativa, propomos tres fases:

- O coñecemento previo do alumno
- A incorporación de novos contidos, na que o novo contido se relaciona con outros contidos e estes se amplían, revisan e reorganizan. O axente que permite este proceso é memoria comprensiva.
- Na terceira fase, reconstrúen-se os contidos recuperados pola memoria comprensiva, e incorporan-se a un sistema de relacións.

En moitos momentos será necesario diferenciar actividades por grupos ou adaptar a dificultade dunha actividade dada. Igualmente, xa que o galego procede do latín, con notable presenza do grego, e que o alumnado coñece unha ou dúas linguas máis, é importante a idea da contrastación. O contraste e as diferencias e similitudes entre o galego e o latín favorecerán unha aprendizaxe firme de ambas as dúas linguas.

Teremos en conta os seguintes postulados básicos na nosa metodoloxía: carácter integral, carácter gradual, motivación, avaliación formativa e tratamento dos erros.

Carácter integral

A materia non é un conglomero de compartimentos estancos. Hai que defender a necesidade dunha relación importante entre lingua e cultura, en todas as partes. E ao planificar os contidos por unidades didácticas e bloques temáticos, fai-se con este criterio, buscando que o alumno atope esa interrelación.

Carácter gradual

Os contidos selecciónanse e gradúanse segundo criterios específicos e razoados.

Motivación

A realidade do noso alumnado de Secundaria, a mala fama dos nosos estudos, obrígan-nos a un esforzo de motivación. Sin trivializar os contidos, senón enriquecendo os mecanismos de interacción na clase e aplicando procedementos significativos, o profesor non debe monopolizar a acción educativa, máis ben, máis socrático, a fonte do saber non está na memoria senón no diálogo entre preguntas e respostas. É preferible a aprendizaxe inductiva, permitir o erro, recorrer a referencias actuais, ofrecer axuda contextual, provocar a curiosidade. E a motivación supón un reforzo da autoestima, unha mellora do autoconcepto e unha boa interacción na clase.

Avaliación formativa e tratamento dos erros

É importante facer uso da avaliación formativa, que nos facilitará información cualitativa sobre o proceso educativo, tanto dende o punto de vista do alumno e da súa diversidade, coma do profesor e da adaptación da súa ensinanza ás necesidades da aula. Non é xusto dicir-lle ao alumno que os seus coñecementos e ignorancia están en tal nota numérica e que a solución é que estude máis. Hai que ter en conta que se aprende cos erros e dos erros.

Os datos máis importantes poden ser proporcionados polas probas escritas, aínda que a práctica diaria é necesaria para detectar deficiencias e a organización da axuda.

Aínda que se poden ter en conta numerosos criterios, todos nos poden axudar a diagnosticar a verdadeira situación na aprendizaxe de cada alumno e a tentar mellorala. Os erros poden afectar en maior ou menor medida á consecución dos obxectivos, entendidos como capacidades, e debemos distinguir entre erros propiamente ditos e descoidos, sin buscar a perfección, e sin esquecer que os erros poden estar provocados por defectos na ensinanza.

Sin necesidade de ser exhaustivos na análise dos erros, é convinte facé-lo en determinados momentos, procurando unha interpretación deductiva dos datos á vez que unha visión avaliativa global. Entre sos mecanismos de superación das deficiencias detectadas convén potenciar a autocorrección, en consoanza co principio de autonomía da aprendizaxe.

En resumo, o sistema a seguir en cada unidade será o seguinte:

- avaliación inicial, co fin de partir de conceptos xa coñecidos
- momento de investigación, na medida do posible, na que o alunado construe o seu propio coñecemento.
- Explicación do profesor, utilizando esquemas en soporte de transparencias, vídeo, canón ou encerado.
- Realización de exercicios, de forma colectiva, en grupos ou individualmente
- Avaliación do alumnado e do profesor, sempre ao final de cada unidade, trimestre e curso, de onde emanen as posibles adecuacións da programación.

8. RECURSOS DIDÁCTICOS

O alunado utilizará ao longo do curso os seguintes recursos didácticos:

- Textos latinos dos autores máis diversos.
- Vídeos informativos e películas.
- Mapas xeográficos e históricos.
- Libros de consulta e de lectura da biblioteca.
- Artigos de revistas especializadas sobre temas de interese para o desenvolvemento da asignatura.
- Debates e postas en común.
- Recursos informáticos
- Libro de texto
- Dicionarios

9. PROBAS EXTRAORDINÁRIAS DE SETEMBRO

O alunado que non acadase os mínimos esixidos nos criterios de cualificación na convocatoria de xuño poderá presentar-se á proba extraordinaria de setembro recollerá cuestións referentes aos distintos apartados sinalados nos estándares de aprendizaxe.

Esta proba constará de:

- un texto para traducir similar aos feitos na aula durante o curso (6 puntos)
- 1 pregunta de sintaxe sobre o propio texto (2 puntos)
- 2 preguntas sobre literatura (1 punto cada unha).

10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Serán, basicamente, o progreso (ou falta del) que se aprécie nos procedimentos empregados conforme avance o curso, e que serán convenientemente avaliados polo profesor a través de:

- exercicios propostos na aula.
- exames realizados en cada trimestre.

Indicadores do proceso de ensino

| | Escala | | | |
|---|--------|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 3. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alunado | | | | |
| 2. Conseguiu-se crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe | | | | |
| 3. Conseguiu-se motivar para lograr a actividade intelectual e física do alunado | | | | |
| 4. Conseguiu-se a participación activa de todo o alunado | | | | |
| 5. contou-se co apoio e coa implicación das familias no traballo do alunado | | | | |
| 6. Mantivo-se un contacto periódico coa familia por parte do profesorado | | | | |
| 7. Adotaron-se as medidas curriculares adecuadas para atender o alunado con NEAE | | | | |
| 8. Adotaron-se as medidas organizativas adecuadas para atender o alunado con NEAE | | | | |
| 9. atendeu-se adecuadamente á diversidade do alunado | | | | |
| 10. usaron-se distintos instrumentos de avaliación | | | | |
| 11. Da-se un peso real á observación do traballo na aula | | | | |
| 12. valorou-se adecuadamente o traballo colaborativo do alunado dentro do grupo | | | | |

Indicadores de logro da práctica docente

| | Escala | | | |
|---|--------|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fan-se explicacións xerais para todo o alunado | | | | |
| 2. Ofrece-se a cada aluno/a a explicación individualizada que precisa | | | | |
| 3. Elaboran-se actividades atendendo á diversidade | | | | |
| 4. elaboran-se probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alunado con NEAE | | | | |
| 5. Utilizan-se distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar | | | | |
| 6. Combina-se o traballo individual e en equipa | | | | |
| 7. Potencian-se estratexias de animación á lectura | | | | |
| 8. Potencian-se estratexias tanto de expresión coma de comprensión oral e escrita | | | | |
| 9. Incorporan-se as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe | | | | |
| 10. presta-se atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar | | | | |
| 11. Oferecen-se ao alunado de forma rápida os resultados de traballos, probas.. | | | | |
| 12. analizan-se e comentan-se co alunado os aspectos máis significativos derivados da corrección de probas, traballos.. | | | | |
| 13. Da-selle ao alunado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos/erros | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas función de tutoría e orientación | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzó.. están claramente vinculadas aos estándares | | | | |
| 17. Avalia-se a eficacia dos programas de apoio, reforzó, recuperación, ampliación | | | | |

11. PROCEDIMIENTO PARA ACREDITAR COÑECIMIENTOS PRÉVIOS

Realizará-se ao comezo do curso, para determinar o grao de formación do alumnado. Consistirá nunhas oracións en galego para que o alunado identifique as funcións que realizan as palabras suliñadas e nuns verbos para analizar, así coma de cuestión de morfoloxía nominal e verbal do latín que xa se deu en primeiro.

Si, tras facé-la, se detectase eivas importantes nalgún alumno/a, poñería-se en marcha unha estratexia de atención personalizada, previa consulta co Departamento de Orientación. Si os problemas fosen de orde colectivo, reservaría-se un pequeno espazo de cada sesión a afirmar os coñecimentos que fosen oportunos.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para o alunado que presenta problemas na asimilación dos diversos contidos prepararán-se exercicios de dificultade graduada para os temas lingüísticos e léxicos; nos temas culturais axudará-selles con esquemas feitos coa supervisión do profesor.

En caso necesario, farian se adaptacións curriculares.

Como norma xeral, ofrecerá-se un apoio extra ao alunado que así o desexe durante os recreos, para consultar calquera dúbida relacionada coa materia, así coma para propor-lles outro tipo de exercicios que lles faciliten a adquisición dos contidos mínimos do curso .

Pola contra, o alunado que teña máis capacidade e rapidez que os restantes do grupo poderá realizar exercicios de tradución extra mentres os demais rematan o traballo proposto para a sesión de clase.

13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O currículo oficial reconece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Debe ser suficientemente flexible para recoller as novas necesidades formativas características dunha sociedade plural en permanente cambio. Polo tanto, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das materias, o atravesan e o impregnan. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas transversais.

A LOMCE, no artigo 24.6 establece que, sen prexuízo do seu tratamento educativo específico nalgúns das materias de etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional se traballarán en todas as materias.

Para o traballo da Comprensión lectora empregaremos os textos de autores clásicos e o dicionario como a ferramenta máis axeitada ao perfil da nosa materia. Proporá-se ao alumnado unha actividade lectora que terá carácter obrigatorio.

Para a Expresión oral e escrita intentarase que o alumnado sexa quen de expresar de forma escrita e oral os distintos temas de realia.

A Comunicación Audiovisual atopará o seu encaixe na presentación de traballos en diferentes suportes.

En canto ás TIC, fomentaremos a autonomía e a colaboración na busca de información a través da Internet, o emprego de materiais interactivos e outros recursos dispoñibles na rede no proceso de ensino-aprendizaxe e o emprego do soporte informático na elaboración e presentación dos traballos.

A Capacidade para o Emprendemento pode ver-se enriquecida co emprego de instrumentos coma os traballos e os proxectos, onde xurdirá a necesidade de toma de decisións, de ter iniciativas e de propor solucións creativas ás propostas formuladas.

A convivencia na aula e os traballos en equipo, favorecerán a Educación Cívica e constitucional.

Ademais, intentaremos introducir tódolos contidos comúns-transversais no desenvolvemento das competencias clave, nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación, orientando-os cara a unhas actitudes concretas:

-Fomentar a tolerancia intelectual para aceptar e estar abertos a outras opinións, interpretacións e puntos de vista diferentes dos propios.

-Propugnar unha actitude de rexeitamento ante mensaxes que denotan unha discriminación sexual, racial, social etc.

-Difundir a análise de materiais impresos e audiovisuais como unha forma de comprender, integrar e relacionar os recursos verbais e visuais que empregan.

-Fomentar o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para mellorar a cultura visual e para expresar, de forma persoal e creativa, vivencias e emocións.

-Aprender a disfrutar do tempo de lecer dun xeito persoal e enriquecedor.

-Convidar á utilización creativa de recursos materiais variados do entorno, tanto convencionais como non convencionais.

16. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Dependendo do número de alumnado e da dotación económica poderán proporse as seguintes actividades:

-Visita á cidade de Lugo: inclue recorrido da muralla, museo arqueolóxico provincial, nacemento do río Miño e castro de Viladonga. (segundo trimestre)

-Visita de tres días, a Conimbriga: inclue a visita á Citânia de Briteiros, Guimarães, Porto e Coimbra. (terceiro trimestre). Tamén se contempla a opción de cambiar esta visita por unha estadia de tres días no Courel.

Na preparación desta actividades terá-se especialmente en conta a interdisciplinabilidade, de maneira que se implique o maior número posible de Departamentos.

Así mesmo, considera-se que a realización destas actividades, alén do fomento da convivencia, é o máis adecuado para traballar contidos transversais como: respecto pola diversidade, social, lingüística, relixiosa ou de sexo, respecto polo patrimonio cultural que nos foi legado desde a antigüidade....

Na realización destas actividades distinguimos 4 partes:

9. Fase de preparación: realiza-se na aula, no periodo dunha ou dúas semanas antes da saída. Consistirá na recollida exhaustiva de información sobre os lugares a visitar por diferentes medios: folletos, vídeos, biblioteca, internete, charlas...
10. Fase de realización da saída: cada alumno/a irá provisto dun caderno de viaxe no que recollerá a información “in situ”, que poderá completar con reportaxes fotográficas ou dos soportes que considere procedente. Nuns casos a información a recoller será guiada, noutros será o propio alumno o que debe discernir o que debe recoller.
11. Fase de realización do traballo: á volta, nuns casos de forma individual, noutros en grupos, deberán facer un traballo no que se recolla a visita realizada. Procurará-se ir alternando o formato do traballo en cada saída, e valorará-se a presentación en formatos alternativos. Para iso, procurará-se que poidan dedicar algunhas clases á realización do mesmo, que poidan dispor dos recursos informáticos do centro.
12. Fase de avaliación: o profesorado implicado na saída realizará a avaliación do traballo apresentado, tendo en conta o interese amosado durante a visita e a implicación na preparación da mesma. O alunado realizará unha autoavaliación dos mesmos aspectos.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

O departamento de Latín considera que a porcentaxe de alumnos/as que acaden avaliación positiva debe ser superior ao 70% en cada avaliación, excluindo desta porcentaxe ao alunado que non obteña avaliación positiva por non ter asistido as probas escritas ou non ter realizado as tarefas avaliáveis. De non acadar-se esta porcentaxe, propón-se a seguinte ferramenta como mecanismo de revisión trimestral da programación didáctica e poder así modificá-la para tratar de corrixir a desviación con respecto ao obxectivo marcado no seguinte trimestre

| ASPECTOS PARA AVALIAR | PARA DESTACAR... | PARA MELLORAR... | PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL |
|--|------------------|------------------|------------------------------|
| Temporalización das unidades didácticas | | | |
| Desenvolvemento dos obxectivos didácticos | | | |
| Manexo dos contidos da unidade | | | |
| Descritores e desempeños competénciais Realización de tarefas | | | |
| Estratéxias metodolóxicas seleccionadas Recursos | | | |
| | | | |
| Claridade nos criterios de avaliación | | | |
| Uso de diversas ferramentas de avaliación | | | |
| Atención á diversidade | | | |

PLANO LECTOR E USO DAS TIC.

Como xa queda reflexado ao longo da Programación o Departamento de Latín propón unha metodoloxía activa, baseada no descubrimento, na busca de respostas ás dúbidas que se vaian prantexando.

Así, cada tema irá precedido da lectura dun breve texto dun autor clásico, histórico, ou recreador do mundo clásico, do que ao alumno se lle pedirá que realice unha lectura comprensiva: deberá facer un resumo do mesmo, responder algunha pregunta... debendo facer un uso contínuo dos dicionarios para buscar aquelas palabras que lle sexan descoñecidas. Na selección dos textos porá-se especial coidado en que apareza algunha mención a institucións, mitoloxía, persoaxes ou feitos memorábeis da antigüidade clásica. O alumno deberá completar a información sobre o mesmo, podendo, para iso acudir a documentos impresos ou á información que poida atopar na rede: nuns casos, a busca será guiada, e, noutros, libre.

Como complemento, cada alumno deberá realizar durante o curso a lectura de dúas obras do listado que lle se propón no ANEXO I, debendo presentar un traballo sobre os mesmos, en formato informático. En 2º de Bacharelato, as lecturas adecuarán-se aos distintos autores estudados en cada xénero literario e, en todo caso, supeditarán-se aos textos que se indiquen si é o caso para a proba de acceso, reválida...

Así mesmo, en cada clase constituirán-se grupos de tres alumnos que deberán realizar un traballo sobre un tema proposto que deberán expor na aula, valorando-se o uso de diferentes soportes (vídeo, ordenador, canón...).

Na procura dun uso lúdico das novas tecnoloxías, nalguns momentos utilizarán-se xogos informáticos (por exemplo, *as aventuras de Ulixes*), no que ao tempo que o alumno xoga deberá ler unha escolma de textos que lle darán as respostas as probas propostas.

Na mesma liña, o alumnado, durante o segundo trimestre, poderá participar no concuso **ODISEA** convocado pola Delegación Galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos, proxecto no que a resolución das probas propostas implica, igualmente, unha importante busca de información tanto nos fondos bibliográficos coma a través dos recursos da rede.

**ANEXO
APARTADO A.**

- Apuleyo: *El asno de oro*. Madrid, Gredos, 1987.
- Aristófanes: *Las nubes, Lisístrata, Dinero*. Madrid, Alianza, 1987.
- Bowra, C. M: *La Atenas de Pericles*. Madrid, Alianza, 1994.
- Camus, Marcel: *Calígula*. Madrid, Alianza, 1990.
- Caselli, G.: *El imperio romano y la Europa medieval*. Madrid, Anaya, 1985. Col. “La vida en el pasado.”
- Catulo: *Poemas*. Santiago, Xunta de Galicia, 1988.
- Codoñer, Carmen & Fernández Corte, Carlos: *Roma y su imperio*. Madrid, Anaya, 1991. Col. “Biblioteca Básica de Historia.”
- Connolly, Peter: *La leyenda de Ulises*. Madrid, Anaya, 1989. Col. “La vida en el pasado.”
- Connolly, Peter: *Las legiones romanas*. Madrid, Anaya, 1989. Col. “La vida en el pasado.”
- Connolly, Peter: *Pompeya*. Madrid, Anaya, 1987. Col. “La vida en el pasado.”
- Cortezón, Daniel: *Prisciliano*. Vigo, Xerais, 1967.
- Cotarelo Valledor, A: *Hostia*. Santiago, Xunta de Galicia, 1995.
- Crosher, J.: *Griegos*. Barcelona, Molino, 1979. Col. “Pueblos del pasado.”
- Cunqueiro, Álvaro: *Las mocedades de Ulises*. Barcelona, Destino, 1974.
- Cunqueiro, Álvaro: *Un hombre que se parecía a Orestes*. Barcelona, Destino, 1969.
- Espinós, J.: *Así vivían los romanos*. Madrid, Anaya, 1985. Col. “Biblioteca Básica de Historia.”
- Eurípides: *Tragedias*. Madrid, Gredos, 1983.
- García Gual, Carlos (Selecc. e traducc.): *Antología de la poesía lírica griega*. Madrid, Alianza, 1986.
- García Gual, Carlos: *Introducción a la mitología griega*. Madrid, Alianza, 1992.
- Gibson, Michael: *Deuses e Héroes da Mitoloxía grega*. Vigo, Xerais, 1987.
- Grimal, P: *La mitología griega*. Barcelona, Paidós, 1989.
- Grimal, Pierre: *La vida en la Roma antigua*. Barcelona, Paidós, 1993.
- Homero: *Ilíada*. Madrid, Austral, 1988.
- Homero: *Odisea*. Madrid, Austral, 1988.
- Horacio: *Épodos y odas*. Madrid, Alianza, 1990.
- Lourenzo, Manuel: *Romería ás covas do demo*. Santiago, 1975.
- Lourenzo, Manuel: *Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forza*. A Coruña, 1981.
- Montanelli, Indro: *Historia de los griegos*. Barcelona, Plaza & Janés, 1990.
- Montanelli, Indro: *Historia de Roma*. Barcelona, Plaza & Janés, 1990.
- Pérez, Arturo: *La civilización griega*. Madrid, Anaya, 1988. Col. “Biblioteca Básica de Historia.”
- Platón: *Apología de Sócrates*. Madrid, Austral, 1990.
- Plauto: *Comedias*. Madrid, Cátedra, 1991.
- Rodríguez Pampín: *Ifixenia non quere morrer*. Santiago, 1977.
- Rodríguez Pampín, X. M.: *Creón, Creón. Grial, 50*, 1975.
- Rodríguez Pampín, X. M.: *Alcestes. Grial, 62*, 1978.
- Shakespeare, William: *Julio César*. Barcelona, Planeta, 1981
- Shakespeare, William: *Marco Antonio y Cleopatra*. Barcelona, Planeta, 1981
- Sófocles: *Edipo Rey*. Madrid, Ediciones Clásicas, 1995.
- Suetonio: *Tiberio, Calígula*. Barcelona, Bosch, 19
- Virgilio: *Eneida*. Madrid, Alianza, 1990. Canto VI.

Wilkes, John: *El ejército romano*. Madrid, Akal, 1985. Col. "Historia del mundo para jóvenes."

Woodford, Susan: *El Partenón*. Madrid, Akal, 1986. Col. "Historia del mundo para jóvenes."

Apartado B.

- Aguiar, J: *Viriato*. Barcelona, Edhasa, 1985.
- *Baudouy, M.A: *La captura de César*. Madrid, Didascalía, 1989.
- Bayley, H: *Casandra, princesa de Troya*. Barcelona, Emecé, 1993.
- Borrell, J: *La esclava de azul*. Barcelona, Montesinos, 1992.
- Broch, H: *La muerte de Virgilio*. Madrid, Alianza, 1989.
- *Bulwer Lytton, E. G: *Los últimos días de Pompeya*.
- Burguess, A: *El reino de los réprobos*. Barcelona, Edhasa, 1988.
- Burns, E: *Noches de Roma*. Barcelona, Edhasa.
- Burns, E: *Sombras de Roma*. Barcelona, Edhasa.
- Calasso, Roberto: *Las bodas de Cadmo y Harmonía*. Barcelona, Anagrama, 1994.
- Caldwell, T: *La columna de hierro*. Barcelona, Grijalbo, 1983.
- Davis ,L: *La mano de hierro de Marte*. Barcelona, Edhasa, 1993.
- *Davis, L: *La plata de Britania*. Barcelona, Edhasa, 1991
- Davis, L: *La Venus de Cobre*. Barcelona, Edhasa
- Davis, L: *Tiempo para escapar*. Barcelona, Edhasa, 1995.
- Davis, L: *Último acto en Palmira*. Barcelona, Edhasa, 1996.
- Flaubert, G: *Salambó*.
- *González, L: *Guárdate de los idus*. Madrid, SM, 1995.
- *Graves, R: *Claudio, el dios*. Madrid, Alianza, 1982.
- *Graves, R: *El vellocino de oro*. Barcelona, Edhasa, 1983.
- *Graves, R: *La hija de Homero*. Barcelona, Edhasa, 1983.
- *Graves, R: *Yo, Claudio*. Madrid, Alianza, 1981.
- Grimal, P: *El proceso a Nerón*. Barcelona, Península, 1996.
- *Grimal, P: *Memorias de Agripina*. Barcelona, Edhasa, 1993.
- Haefs, G: *Aníbal*. Barcelona, Edhasa, 1990.
- Holland, C: *La muerte de Atila*. Barcelona, Edaf, 1991.
- Horia, V: *Dios ha nacido en el exilio*. Barcelona, Espasa, 1968.
- *Koestler, A: *Espartaco*. Barcelona, Edhasa, 1982.
- *Massie, A: *Los césares*. Barcelona, Edhasa
- *Massie, A: *Tiberio*. Barcelona, Edhasa, 1992.
- Mc Cullough, C: *El primer hombre de Roma*. Barcelona, Planeta, 1990.
- Mc Cullough, C: *La corona de hierba*. Barcelona, Planeta, 1990.
- Mc Cullough, C: *Favoritos de la fortuna*. Barcelona, Planeta, 1990.
- Monteilhet, H: *Nerópolis*. Barcelona, Tusquets, 1985.
- Priante, A: *Lesbia mía*. Barcelona, Seix Barral, 1992.
- Prieto, A: *El ciego de Quíos*. Barcelona, Seix Barral, 1996.
- Ransmayr, Chr: *El último mundo*. Barcelona, Seix Barral, 1989.
- Renault, M: *El rey debe morir*. Barcelona, GP, 1974.
- Renault, M: *Fuego del paraíso*. Barcelona, Grijalbo, 1987.
- Renault, M: *La máscara de Apolo*. Barcelona, GP, 1974.
- Robinson, K: *Gala Placidia*. Barcelona, Emecé, 1994.
- Rouland, N: *Laureles de Ceniza*. Barcelona, Edhasa, 1990.
- Saylor, E: *El brazo de la justicia*. Barcelona, Emecé, 1993.
- *Sienkiewicz, H. N: *Quo Vadis?*. Madrid, Anaya, 1985.
- *Sutcliff, R: *Aquila, el último romano*. Madrid, SM, 1992.
- Vidal, G: *Creación*, Barcelona, Edhasa, 1995.

- Vidal, G: *Juliano el Apóstata*. Barcelona, Edhasa, 1983.
Waltari, M: *Marco el romano*. Barcelona, GP, 1973.
Waltari, M: *SPQR*. Barcelona, Edhasa, 1996.
*Wallace, L: *Ben Hur*. Barcelona, Planeta, 1985.
Warner, R: *César imperial*. Barcelona, Edhasa, 1988.
*Warner, R: *El joven César*. Barcelona, Edhasa, 1987.
Wickert, E: *El retorno del Mesías*. Barcelona, Edhasa, 1996.
Wilder, Th: *Los idus de Marzo*. Madrid, Alianza, 1990.
Wiseman, N: *Fabiola*.
*Yourcenar, M: *Memorias de Adriano*. Barcelona, Edhasa, 1974.

ASDO. XEFA DE DEPARTAMENTO:

MARÍA JOSÉ CANAL BOUZAS

